

Universidade de Vigo

**Estudo sobre a experiencia
académica e profesional
das persoas tituladas
da Universidade de Vigo**

Promocións de 2008 e 2009

Luis Espada Recarey
Victor Manuel Martínez Cacharrón



CONSELLO
SOCIAL

**Estudo sobre a experiencia
académica e profesional das persoas
tituladas da Universidade de Vigo**

Promocións de 2008 e 2009

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey

Coordenación

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Deseño e paxinación

Diego Durán

Imprime

Roel Artes Gráficas

Depósito legal

xxxxxx

ISBN

xxxxxx

Índice

RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO	9
1. INTRODUCCIÓN	11
1.1 XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO	11
1.2 ESTRUCTURA DO INFORME	11
1.3 A INSERCIÓN PROFESIONAL DOS UNIVERSITARIOS	12
2. OBXECTIVOS DO ESTUDO	15
2.1 OBXECTIVO PRINCIPAL	15
2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	15
3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO ESTUDO	17
3.1 PROCEDEMENTO	17
3.2 ESTRUCTURA DO CUESTIONARIO	18
3.3 POBOACIÓN E MOSTRA	20
3.4 FICHA TÉCNICA	30
4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA	33
4.1 PERFIL DAS PERSOAS TITULADAS	33
1. Xénero	33
2. Lugar de residencia	34
2.1 Residencia durante os estudos	34
2.2 Residencia no momento actual	35
3. Ámbitos de coñecemento	41
4. Campus universitario	42
5. Duración dos estudos	43
6. Perfil das persoas tituladas en mestrado	43
6.1 Universidade en que realizaron a carreira cursada previamente	43
6.2 Titulacións previas cursadas	44
4.2 ACTIVIDADES DURANTE OS ANOS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS	48
1. Realización de prácticas en empresas/institucións	48
2. Participación en programas de mobilidade internacional	49
3. Realización de prácticas en empresas no estranxeiro	49
4. Competencias lingüísticas desenvolvidas	50
4.1 Coñecementos de galego	50
4.2 Docencia recibida en lingua estranxeira	51
4.3 Coñecementos de linguas estranxeiras	51

4.3.1 Coñecementos de inglés	52
4.3.2 Coñecementos de francés	53
4.3.3 Coñecementos de alemán	54
4.3.4 Coñecementos doutras linguas	55
4.3 ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO	56
1. Participación nos foros empresariais de procura de emprego	56
2. Valoración das iniciativas de procura de emprego	56
3. Participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego	57
4.4 FORMACIÓN COMPLEMENTAR	58
1. Realización da formación complementar	58
2. Tipo de formación complementar	59
3. Contidos da formación complementar	60
4. Motivación da formación complementar	61
4.5 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS	63
1. Situación laboral	63
2. Situación de emprego	63
3. Situación de desemprego	65
4. Persoas tituladas que procuran emprego	66
5. Persoas desempregadas que non procuran emprego	67
6. Tempo de procura de emprego	67
7. Factores condicionantes do desemprego	68
8. Técnicas de procura do primeiro emprego	71
9. Tempo investido en encontrar o primeiro traballo despois dos estudos	73
4.6 CARACTERÍSTICAS DO PRIMEIRO EMPREGO	74
1. Relación do primeiro traballo cos estudos	74
2. Tipo de contrato	74
3. Xornada de traballo	75
4. Categoría profesional	76
4.7 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL	77
1. Relación do emprego actual cos estudos	77
2. Sobrecualificación	78
3. Tipo de contrato	79
4. Xornada de traballo	81
5. Categoría profesional	81
6. Permanencia no traballo actual	83
7. Evolución entre o primeiro emprego e o emprego actual	83
7.1 Tipo de contrato	85

7.2 Xornada de traballo	85
7.3 Categoría profesional	85
4.8 COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS	86
1. Análise global	86
1.1 Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos	86
1.2 Valoración do nivel actual de competencias persoais	87
1.3 Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual	88
1.4 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e a formación recibida	89
1.5 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e o nivel actual de competencias persoais	90
1.6 Análise das competencias máis exixidas polas empresas	91
a) En relación coa formación recibida polas persoas tituladas	91
b) En relación co nivel propio das persoas tituladas no momento actual	92
2. Análise por ámbitos de coñecemento	92
2.1 Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos	92
2.2 Valoración do nivel actual de competencias persoais	95
2.3 Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual	97
4.9 CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDOS	100
1. Nivel tecnolóxico	100
1.1 Nivel tecnolóxico do equipamento	100
1.2 Nivel de actualización tecnolóxica da formación recibida	101
2. Materias de maior utilidade profesional	101
3. Complementos académicos necesarios	114
4.10 ORGANIZACIÓN DAS PERSOAS TITULADAS	122
1. Vontade de contacto coa Universidade de Vigo	122
2. Tipo de vinculación	122
4.11 ANÁLISE DAS RESPPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA	124
5. COMPARATIVA ENTRE OS ESTUDOS DE 2013 E 2014	127
5.1 Perfil sociodemográfico das persoas tituladas	127
5.2 Actividades desenvolvidas durante os anos de estudo universitarios	128
5.3 Situación laboral	130
5.4 Procura de emprego	131
5.5 Características do emprego actual	132
5.6 Conclusións	133
6. CONCLUSIÓNS	135
6.1 Perfil sociodemográfico	135

6.2 Actividades durante os anos de estudo universitarios	135
6.3 Actividades de experiencia preprofesional	136
6.4 Formación complementar	136
6.5 situación laboral das persoas tituladas	136
6.6 Procura de emprego	137
6.7 Características do traballo actual	137

BIBLIOGRAFÍA	139
---------------------	------------

ANEXOS	141
---------------	------------

A1 Cuestionario aplicado	141
A2 Carta de presentación	149
A3 Distribución da mostra por titulaci3ns	150
A4 Duraci3n en anos dos estudos por titulaci3ns	154
A5 Realizaci3n de pr3cticas preprofesionais durante os estudos	155
A6 Participaci3n en programas de mobilidade internacional por titulaci3ns	156
A7 Docencia dalgunha materia recibida en lingua estranxeira por titulaci3ns	157
A8 Realizaci3n de formaci3n complementar por titulaci3ns	158
A9 Persoas tituladas que realizaron outra titulaci3n universitaria por titulaci3ns	159
A10 Segunda titulaci3n realizada	160
A11 Persoas tituladas que realizaron cursos de doutoramento por titulaci3ns	162
A12 Persoas tituladas que traballan no momento actual por titulaci3ns	163
A13 Persoas tituladas que traballan e procuran emprego por titulaci3ns	165
A14 Persoas tituladas que traballan e continúan a estudar por titulaci3ns	166
A15 Persoas tituladas que traballan e preparan oposici3ns por titulaci3ns	167
A16 Persoas tituladas sen emprego por titulaci3ns	168
A17 Tempo de procura de emprego por titulaci3ns	169
A18 Tempo en encontrar o primeiro emprego despois dos estudos	170
A19 Relaci3n do emprego actual cos estudos realizados por titulaci3ns	172
A20 Evoluci3n entre o primeiro emprego e o actual por titulaci3ns	173
A21 N3vel tecnol3xico do equipamento e formaci3n por titulaci3ns	175

Razóns para a realización deste estudo

Este presente estudo constitúe o sétimo que dirixín sobre o alumnado universitario. No primeiro, *“Análisis del rendimiento académico del alumnado”* analízase o alumnado graduado de 48 universidades españolas en función do tipo de ciclo para determinar, posteriormente, o grao da súa asistencia ás aulas da Universidade de Vigo e, finalmente, determinar o rendemento académico dese alumnado a partir da evolución cuantitativa dos estudantes matriculados pola primeira vez nas diferentes titulacións impartidas nesta universidade.

O segundo analiza *“El absentismo del alumnado universitario. El caso de Vigo”*. Este estudo foi realizado entre o alumnado pertencente aos centros propios da Universidade de Vigo durante o curso académico 2007-08 e está estruturado en dúas partes diferenciadas. Nunha primeira, preténdese reflectir fidedignamente o estado do grao de asistencia ás aulas por parte do alumnado en cada un dos centros dos seus tres campus. Nunha segunda parte determinouse, através dunha enquisa, os motivos referidos polos estudantes para non asistir ás clases lectivas.

A modo complementar dos estudos referidos, realizouse unha monografía, intitulada *“Estudio do grao de satisfacción do alumnado coa universidade. Aplicación á Universidade de Vigo”*, que serve para constatar as fortalezas e fraquezas que porán utilizarse para confirmar ou rectificar as directrices que marcan as liñas de actuación desta institución neste tema. Nesta mesma liña, levouse a cabo un estudo sobre a *“Transición do alumnado da Universidade de Vigo ao traballo”* co obxectivo de recoller informacións sobre a relación entre estudo e traballo do alumnado dos últimos cursos das titulacións pertencentes aos centros propios da Universidade de Vigo. Nun contexto de profunda crise económica que empurra á procura de emprego, tamén recompila a inqueda dos estudantes entrevistados sobre as súas expectativas e sobre a inserción social no mundo profesional, podéndose constatar que as empresas que captan estes novos profesionais decántanse por unha serie de aspectos, nalgúns dos casos non moito relacionados cos coñecementos adquiridos. Entre os aspectos analizados destacan o dominio de idiomas, as capacidades de comunicación oral e escrita, de adaptación á mudanza, iniciativa, creatividade e traballo en equipo, para alén da súa disponibilidad e mobilidade. Por outra parte, o candidato/a, se pode escoller, opta polo bo ambiente no traballo e polas oportunidades de desenvolvemento persoal. Non hai que esquecer que a Universidade só é un lugar de formación nas primeiras etapas da vida futura laboral ou para a preparación desta.

Complementando os anteditos estudos, en *“A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional”* dáse a coñecer, através dunha enquisa aplicada, a experiencia do estudiantado que realizou parte dos seus estudos en universidades estranxeiras no curso 2009-10. O Programa Erasmus, denominado así en honra do humanista Erasmo de Rotterdam, iniciouse en 1987 pola Comisión Europea para potenciar un programa de mobilidade para os estudantes universitarios europeos e facilitar o recoñecemento dos estudos cursados no estranxeiro. Quince anos despois do seu inicio, cerca de dous millóns de estudantes

européus xa participaron nas súas convocatorias en 2000 universidades pertencentes a máis de trinta países. No caso concreto da Universidade de Vigo, a evolución do seu alumnado adscrito mormente ao Programa Erasmus, iniciado no curso 1998-99, pasou desde 164 até os 636 no ano en que se realizou o estudo.

O último estudo sobre *“A experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo”* era un requisito indispensábel, como unha materia pendente, para coñecermos a opinión que as persoas tituladas teñen da súa universidade. Este traballo tenta retomar a ligazón que todo titulado/a debe ter coa súa universidade, transmitíndonos as súas ideas sobre as actividades levadas a cabo durante os anos de formación universitaria, ben como a súa orientación para o emprego, a súa formación complementar, situación laboral e, entre outras, as características do seu primeiro emprego e do actual coas súas competencias profesionais adquiridas. Tivéronse en conta as promocións que concluíron os seus estudos ao longo dos anos 2006 e 2007, por achar que é tempo suficiente para que a persoa titulada se insira no mundo laboral, en calquera dos seus ámbitos, e poda así trasladarnos as súas vivencias e experiencias profesionais. A Universidade de Vigo, a partir destes datos, poderá contar cun documento valiosísimo para reflexionar e pór en práctica as conclusións ás que deron lugar as entrevistas levadas a cabo.

O presente estudo céntrase na experiencia académica e profesional das promocións dos anos 2008 e 2009, comparando os datos obtidos cos do traballo anterior e poder así observar as variacións experimentadas entre dous períodos que representan dous momentos diferentes do ciclo económico circundante (antes do inicio da crise e no inicio desta).

Con este tipo de estudos téntase reflexionar sobre as mudanzas dunha sociedade, onde a universidade española ten como desafío encarar unha transición dun tipo de ensino centrado principalmente na transmisión do coñecemento para un outro que prime as actitudes e competencias do alumnado ao longo da súa fase educativa. Este feito exixirá unha maior atención personalizada co obxectivo de mellorar a calidade e, ao mesmo tempo, a equidade. A universidade española, que creceu exponencialmente nos últimos anos, deberá utilizar a súa autonomía, estrutura e modos académicos para que a realidade social circundante se corresponda aos seus desexos e expectativas, asumindo que a súa responsabilidade académica depende do colectivo que a integra.

Luis Espada Recarey

1 | Introducción

1.1 XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

Durante o curso 2012-13 este equipo de investigación realizou o seu primeiro estudo sobre a inserción profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. O interese daquel primeiro estudo centrouse na necesidade de coñecermos a realidade das traxectorias profesionais das persoas tituladas universitarias nun contexto marcado pola situación de crise económica (a partir de 2008), mais que se remontaba a dous anos de graduación (2006 e 2007) caracterizados por unha etapa de crecemento económico e de mínimos índices de desemprego no Estado español.

Como se referiu naquela edición, o feito de centrar o estudo despois de transcorridos seis e cinco anos do momento da graduación, estaba motivado en que, transcorrido ese tempo, as persoas tituladas posúen unha perspectiva suficiente tanto sobre a súa experiencia académica como das súas posibilidades no mercado de traballo.

Levando en conta esta hipótese, este traballo céntrase na experiencia académica e profesional das promocións dos anos 2008 e 2009. No período que separa estes dous estudos a realidade que envolve á Universidade de Vigo, así como o resto das universidades galegas e do Estado, profundou aínda máis o contexto de crise económico-laboral circundante e, do punto de vista desta institución, intensificouse o proceso de converxencia europea, contando algúns centros con titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EES) e con procesos de calidade implementados.

Neste cadro, este estudo pretende, por un lado, continuar a recoller informacións e, polo outro, contribuír para unha filosofía da excelencia que non se limite ao alumnado vinculado coa universidade, mais tamén a aquel que se graduou nesta institución galega do ensino superior.

1.2. ESTRUCTURA DO INFORME

En primeiro lugar, tanto a introdución como as razóns para a realización deste estudo do limiar visan xustificar a necesidade da nova edición deste traballo.

O apartado “Obxectivos do estudo” indica os obxectivos da enquisa realizada. A seguir, o punto “Características técnicas do estudo” contén informacións sobre a metodoloxía operativa implementada neste traballo, que inclúe o procedemento seguido, a descrición da poboación e a elaboración da mostra.

O seguinte apartado inclúe os Resultados da enquisa mediante unha grande cantidade de cadros e comentarios nos que se realiza unha análise pormenorizada das respostas en función de variábeis como xénero, ámbito académico, campus (se proceder) e, nalgúns casos, titulación.

No seguinte apartado é realizada unha comparativa mediante contrastes estatísticos dos principais resultados deste estudo co anterior a fin de detectar as mudanzas e/ou consistencias no tempo.

Finalmente, o último apartado recolle as principais conclusións que se poden tirar deste estudo.

1.3 A INSERCIÓN PROFESIONAL DOS UNIVERSITARIOS

Nos últimos anos houbo no ámbito das universidades galegas e españolas un incremento dos estudos sobre a inserción profesional das persoas tituladas. Un claro exemplo é a grande cantidade destes estudos recollidos no Observatorio Universitario de Inserción Laboral, ferramenta lanzada pola ANECA¹ e algunhas das axencias autonómicas de calidade e acreditación das universidades como é, no ámbito galego, a realizada pola ACSUG.

A maioría de estudos a nivel europeo, estatal e autonómico interesados nesta temática, como é o REFLEX, desenvolvido pola ANECA en colaboración co CEGES², tentan dar resposta a tres cuestións xerais e interligadas entre si:

- As competencias requiridas polas persoas tituladas universitarias para se integrar adecuadamente na sociedade do coñecemento.
- O papel das universidades para axudar ás persoas tituladas a desenvolver as competencias.
- O grao de consecución das expectativas dos titulados/as cos seus traballos e de que forma se poden resolver os desaxustes entre esas expectativas e as características do seu traballo.

O proxecto REFLEX, financiado polo Sexto Programa-Cadro da UE, contou tanto coa participación de países comunitarios (Alemaña, Austria, España, Finlandia, Francia, Italia, Países Baixos, Reino Unido, Bélxica, República Checa, Portugal e Estonia) como de fora da UE (Noruega, Suíza e Xapón). Consistiu nunha enquisa realizada, cinco anos despois de acabados os seus estudos, a 40.787 universitarios europeos graduados no curso 1999/2000. Desta maneira, a partir dos resultados pódese analizar a inserción profesional e as competencias dos titulados/as universitarios a nivel internacional.

Este proxecto permitiu a elaboración de informes, segmentados por países, orientados a fornecer chaves de interese sobre a materia dirixidos a estudantes, persoas tituladas, a

1) Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación.

2) Centro de Estudios de Gestión de la Educación Superior da Universidade Politécnica de Valencia.

empresarios e a xestores educativos, así como un informe comparativo REFLEX-CHEERS. No caso español, foron realizadas un total de 5.474 enquisas, a persoas tituladas pertencentes a 48 universidades, incluída a Universidade de Vigo.

A seguir recóllense as principais conclusións do Informe Graduados³ aplicado ao Estado español:

Procura de emprego

Recorrer ao entorno social ou contactos persoais parece ser a forma máis efectiva para encontrar un traballo, tanto para os recién titulados como para os graduados con experiencia laboral. Porén, non todos os titulados/as teñen a mesma facilidade para encontrar o primeiro emprego. En termos xerais, os homes mostran unha menor dificultade para encontrar emprego, do mesmo modo que os graduados/as nas áreas tecnolóxicas e das ciencias da saúde arraxaron emprego con máis facilidade.

Primeiro emprego

Os resultados sobre as condicións de traballo do primeiro emprego reflicten que son os graduados en titulacións de ciclo longo na área tecnolóxica ou da saúde os que obteñen máis traballos con máis número de horas. Ao mesmo tempo, os titulados/as nunha carreira de ciclo longo das áreas tecnolóxicas conseguen contratos máis estábeis no primeiro emprego.

Traballo actual

A porcentaxe de titulados/as con traballos que exixen xornadas completas (ao menos 40 horas semanais) no emprego actual aumenta en relación ao primeiro emprego do 19% ao 54%. O 61% dos titulados/as conseguiron un contrato indefinido ou funcionario cinco anos despois da obtención do título.

Competencias requiridas no emprego

En xeral, a valoración que os titulados/as realizan do seu nivel de competencias e habilitacións é optimista. En 14 de 19 competencias analizadas, as persoas tituladas están por riba do nivel requirido no seu emprego, en 3 están nun nivel neutro e tan só en 2 competencias precisaban un maior desenvolvemento para alcanzar o nivel exixido nos seus traballos. As diferenzas nos niveis requiridos non resultaron moi amplas e tamén non apareceron grandes diferenzas analizando as competencias segundo os empregos ou áreas de estudo. Porén, todos concordan en valorar (con pequenas excepcións) como moi importantes as competencias requiridas: usar o tempo de forma efectiva, facerse entender, traballar en equipo e render baixo presión. A competencia que obtén menos valoración é a capacidade para escribir e falar en linguas estranxeiras. Comparando con outros países, as procuras competenciais dos traballos dos titulados/as do resto de países analizados foron maiores que as existentes no Estado español.

3) INFORME GRADUADOS. Titulados universitarios y mercado laboral. Proyecto Réflex, publicado pola ANECA en febreiro de 2008.

Formación complementar

Dúas en cada tres persoas tituladas realizaron algunha actividade formativa relacionada co seu traballo. A razón principal para realizar ese tipo de formación foi case unánime entre os titulados/as: actualizar os seus coñecementos para encarar con suceso as procuras do seu entorno. Alén diso, en todos os sectores económicos analizados a porcentaxe de titulados/as que realizou unha formación complementar ligada co seu traballo supera o 50%.

Mobilidade internacional

Aquel estudo concluía que a proporción de titulados/as españois que ían ao estranxeiro unha vez obtida a titulación era maior por causa de traballo que por estudos. Realizando unha comparativa internacional, os graduados/as españois achábanse abaixo da media do resto de países analizados na mobilidade profesional e situábanse un punto porcentual superior á media na mobilidade estudantil no estranxeiro unha vez acabada a titulación.

2 | Obxectivos do estudo


Este estudo pretende ser unha extensión ás promocións de 2008 e 2009 da enquisa de seguimento a persoas tituladas realizada en 2012/13 ás promocións de 2006 e 2007. Por isto formuláronse os mesmos obxectivos xerais e específicos que naquel momento.

2.1 OBXECTIVO PRINCIPAL

Estudar a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo nos anos 2008 e 2009 coa obtención de datos diferenciados por xénero e ámbito académico.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Obter informacións das persoas tituladas da Universidade de Vigo naqueles aspectos relacionados coa súa experiencia académica e a súa inserción profesional.
- Analizar a relación existente entre as exigencias do mercado de traballo e a formación recibida.
- Proporcionar informacións relevantes á Universidade de Vigo sobre a empregabilidade dos universitarios e as súas necesidades.
- Proporcionar informacións relevantes á Universidade de Vigo para esta dotarse dunha unidade de seguimento de persoas tituladas.



3 | Características técnicas do estudo

3.1 PROCEDEMENTO

A seguir móstranse os pasos dados para o deseño deste estudo, incluíndo a elaboración do cuestionario, a selección da poboación e a recolla e análise dos datos.

Elaboración do cuestionario

Como se referiu nos obxectivos, polo feito deste estudo ser unha extensión a máis promocións do estudo realizado en 2013, practicamente conservouse o mesmo cuestionario (cf. Anexo A1), facendo algúns axustes menores.

Definición da poboación

Todas as titulacións oficiais da Universidade de Vigo con titulados/as no mercado de traballo foron abordadas neste estudo, incluíndo aqueles que realizaron Mestrados, Graos Superiores e Graos Universitarios. A lista de persoas tituladas elaborouse a partir dos datos cedidos pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade. Os contactos foron organizados nunha base de datos dixitalizada e depurada.

Envío dos cuestionarios por correo electrónico, correo postal e reforzo

Nunha primeira fase, os cuestionarios foron enviados por correo electrónico. Logo, nunha segunda fase, comprendida entre xuño e setembro de 2013, os cuestionarios foron remitidos por correo postal. En ambos os casos, o cuestionario foi enviado xunto cunha carta de presentación (cf. anexo A2) asinada polo director da investigación, o profesor emérito Luis Espada Recarey, na que se expuñan os obxectivos deste estudo e se animaba a cumprimentar o cuestionario.

Por correo electrónico

O cuestionario, acompañado por unha carta de presentación, inseriuse en anexo ás mensaxes de correo electrónico enviadas. Unha vez preenchido, o cuestionario podía ser enviado como resposta en anexo por correo electrónico.

Para que a taxa de resposta fose a máis elevada posíbel, enviáronse periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar ás persoas inquiridas a importancia da súa participación neste estudo. Desta forma, ao estudantado que non respondía á mensaxe nun prazo dado, foille reiterado o correo até en seis ocasións os días 14 e 28 de maio, 10 de xuño, 3, 16 e 31 de xullo. Finalmente, realizouse un sétimo envío ás titulacións con menor taxa de resposta o 4 de setembro. Esta fase foi realizada entre maio e setembro de 2013. No total, recebeuse un total 956 respostas por este medio.

Por correo postal

O cuestionario foi remetido por correo postal ás persoas das que non se dispuña e-mail de contacto ou no caso de este estar erróneo/desactualizado. Neste caso, incluíuse un sobre

con taxa de franqueo paga para facilitar así a devolución do cuestionario cumprimentado. Realizáronse dous envíos postais, o primeiro en xuño de 2013, deixando pasar dous meses antes do segundo envío, realizado en setembro, ás persoas que non responderan. No total, por esta vía recibéronse 247 enquisas.

Recollida e procesamento de datos

Os cuestionarios recibidos e correctamente preenchidos foron introducidos nunha base de datos para a súa análise estatística através do programa SPSS 15.

3.2 ESTRUCTURA DO CUESTIONARIO

O cuestionario inclúe os seguintes apartados, que no seu momento foron elaborados a partir da análise da bibliografía e os obxectivos que se formularan para o estudo publicado en 2013.

Datos sociobiográficos

Esta epígrafe recompila unha serie de datos persoais e biográficos da persoa titulada para a contextualizar mellor: lugar de residencia durante os estudos e na actualidade, xénero ou tempo investido en acabar a carreira. Para definir o seu perfil académico diferenciouse o grupo formado por aqueles que cursaron unha titulación (con especificación de campus e especialidade) dos que cursaron un Mestrado, indicando, neste caso, a carreira universitaria realizada previamente e a universidade en que esa titulación foi cursada. Deste xeito, complétase coas informacións fornecidas pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.

Actividades durante os anos de estudo universitario

Este apartado inclúe variábeis para obter informacións sobre as actividades que o titulado/a desenvolveu durante a súa etapa formativa na Universidade de Vigo, tais como a realización de prácticas preprofesionais en empresas e/ou institucións, a participación en programas de mobilidade internacional ou a realización de prácticas preprofesionais no estranxeiro. Tamén se fai unha valoración das competencias lingüísticas desenvolvidas polos titulados/as tanto do galego como doutras linguas comunitarias. Este apartado abranxeu as preguntas P25, P26 (ítems 8-12) e P27-P29.

Orientación para o emprego

Este apartado, que abranxe as preguntas P30-32, pretende coñecer o nivel de uso, coñecemento e aceptación e a efectividade e eficiencia das iniciativas de empregabilidade de matching ou emparellamento desenvolvidas pola Universidade de Vigo e posta a disposición do seu alumnado. Son analizados aspectos como participación en foros de emprego, a súa valoración, ben como a participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego.

Formación complementar

Este apartado, que inclúe as preguntas P33-36, inquire sobre a realización deste tipo de formación, para alén de demandar o tipo de formación e as súas motivacións.

Situación laboral das persoas tituladas

Nesta epígrafe, que abarca as preguntas P3, P10, P11, P12 e P13, recompílanse as informacións sobre a situación laboral. De maneira sintética téntanse recoller as informacións máis relevantes sobre as causas da situación de desemprego daquelas persoas que non traballan no momento de realizar a enquisa.

Características do primeiro emprego

Este apartado (preguntas P14-P20) recolle datos como o tipo de contrato, a xornada de traballo, a categoría profesional, a relación cos estudos realizados e outras variábeis.

Características do emprego actual

Este apartado (preguntas P4-P9) inclúe as mesmas variábeis relativas ao primeiro emprego, acrescentando outras encamiñadas a completar o aspecto laboral referidas ao emprego actual, como o a sobrequalificación. Estes datos permitirán realizar un estudo da evolución da situación laboral.

Competencias profesionais adquiridas

Este apartado, desenvolvido a partir das respostas á pregunta P26, permite determinar o nivel de desaxuste entre as competencias profesionais desenvolvidas durante os estudos, o nivel propio no momento actual e as exixidas no traballo actual.

Características dos estudos

As preguntas P21-24 teñen por fin coñecer a aplicabilidade profesional da formación académica adquiridas através dos planos de estudo. Formuladas en modo aberto, solicitouse á persoa inquirida que indicase o complemento académico preciso para mellorar os programas da titulación cursada. Alén disto, demandouse explicitamente que se informase daqueles contidos ou formación complementar que a persoa titulada acha importantes no desenvolvemento da súa profesión e a Universidade non lle ofreceu.

Organización das persoas tituladas

Este último bloque de preguntas, desenvolvido a partir das preguntas P37-P38, realiza unha aproximación aos vínculos que deberían ser establecidos entre a Universidade de Vigo e o colectivo de persoas tituladas a fin de aproveitar a experiencia do antigo alumnado.

Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de que as persoas inquiridas puidesen deixar os seus comentarios sobre os aspectos relacionados coa enquisa.

3.3 POBOACIÓN E MOSTRA

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

En primeiro lugar, o seguinte cadro presenta a poboación total obxecto do estudo, separada por titulacións e xénero.

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Diplomatura en Ciencias Empresariais	33,2	66,8	437
Diplomatura en Educación Social	9,8	90,2	123
Diplomatura en Enfermaría	13,5	86,5	422
Diplomatura en Fisioterapia	33,3	66,7	30
Diplomatura en Relacións Laborais	17,5	82,5	120
Diplomatura en Traballo Social	13,6	86,4	88
Diplomatura en Turismo	16,9	83,1	71
Diplomatura en Xestión e Administración Pública	46,9	53,1	49
Enxeñaría de Minas	65,4	34,6	107
Enxeñaría de Organización Industrial	72,7	27,3	11
Enxeñaría de Telecomunicación	66,1	33,9	254
Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial	50,0	50,0	8
Enxeñaría en Informática	65,7	34,3	99
Enxeñaría Industrial	72,5	27,5	589
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	42,7	57,3	82
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación	74,4	25,6	39
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe	65,9	34,1	41
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	74,7	25,3	198
Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Industrias Forestais	69,8	30,2	63
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electricidade	85,3	14,7	68
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electrónica Industrial	84,5	15,5	129
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Mecánica	81,0	19,0	168
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial	43,4	56,6	76
Grao Superior Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	44,4	55,6	9
Grao Superior Superior Sénior	54,2	45,8	24

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Grao Superior Universitario en Ciencias Policiais	72,1	27,9	68
Grao Superior Universitario en Deseño Téxtil e Moda	12,5	87,5	32
Grao Superior Universitario en Detective Privado	50,0	50,0	26
Grao Superior Universitario en Información Técnica do Medicamento	57,1	42,9	14
Grao Superior Universitario Sénior	42,4	57,6	92
Grao en Administración e Dirección de Empresas	100,0	0,0	1
Grao en Belas Artes	40,6	59,4	69
Grao en Dereito	100,0	0,0	1
Grao en Dirección e Xestión Pública	24,0	76,0	25
Grao en Dirección e Xestión Pública (Curso Ponte)	66,7	33,3	3
Grao en Fisioterapia	29,4	70,6	34
Grao en Fisioterapia (Curso Ponte)	66,7	33,3	6
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	38,0	62,0	347
Licenciatura en Belas Artes	25,3	74,7	154
Licenciatura en Bioloxía	27,3	72,7	110
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	31,0	69,0	29
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	69,7	30,3	155
Licenciatura en Ciencias do Mar	28,2	71,8	110
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	31,0	69,0	58
Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial)	34,9	65,1	166
Licenciatura en Dereito (Rama Xeral)	38,8	61,3	80
Licenciatura en Economía	35,6	64,4	73
Licenciatura en Filoloxía Galega	0,0	100,0	4
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	22,6	77,4	31
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	20,0	80,0	35
Licenciatura en Física	73,3	26,7	30
Licenciatura en Historia	53,8	46,2	26
Licenciatura en Psicopedagogía	18,8	81,2	69
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	19,8	80,2	187
Licenciatura en Química	31,3	68,7	67
Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Francés)	6,1	93,9	33
Licenciatura en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)	8,8	91,3	80
Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Francés)	25,0	75,0	8
Licenciatura en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)	21,0	79,0	62
Mestrado Universitario en Acuicultura-Itinerario Doutoramento	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Acuicultura-Itinerario Profesional	12,5	87,5	8

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente	100,0	0,0	5
Mestrado Universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións (SIGMA)	66,7	33,3	12
Mestrado Universitario en Artes Escénicas Orientación A: Estudos Literarios e Teatrais	0,0	100,0	2
Mestrado Universitario en Artes Escénicas Orientación B: Educación e Animación Teatral	33,3	66,7	3
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	46,2	53,8	26
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar. R. D. 56/2005	35,4	64,6	48
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases	100,0	0,0	4
Mestrado Universitario en Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	60,0	40,0	10
Mestrado Universitario en Comercio Internacional	30,0	70,0	50
Mestrado Universitario en Consultoría de Software Libre	71,8	28,2	39
Mestrado Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	59,1	40,9	22
Mestrado Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa	54,5	45,5	11
Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	51,6	48,4	62
Mestrado Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	14,3	85,7	14
Mestrado Universitario en Dirección e Planificación do Turismo	16,7	83,3	24
Mestrado Universitario en Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración	45,9	54,1	37
Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos. Especialidade Ocio e Deporte	61,5	38,5	13
Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos. Especialidade: Sistemas de Información	93,3	6,7	15
Mestrado Universitario en Economía	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais	35,3	64,7	17
Mestrado Universitario en Edición	40,0	60,0	10
Mestrado Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	66,3	33,7	86

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais: Especialidade Estruturas	78,8	21,2	33
Mestrado Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais: Especialidade Instalacións	73,7	26,3	38
Mestrado Universitario en Enxeñaría de Soldadura	76,7	23,3	30
Mestrado Universitario en Enxeñaría Matemática	69,2	30,8	13
Mestrado Universitario en Enxeñaría Telemática	62,5	37,5	8
Mestrado Universitario en Enxeñaría Térmica	87,5	12,5	8
Mestrado Universitario en Estudos de Xénero. R. D. 1393/2007	5,9	94,1	17
Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	33,3	66,7	15
Mestrado Universitario en Física Aplicada	56,1	43,9	41
Mestrado Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	57,7	42,3	26
Mestrado Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	14,3	85,7	7
Mestrado Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	68,0	32,0	25
Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	10,9	89,1	46
Mestrado Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	43,8	56,3	16
Mestrado Universitario en Investigación en Comunicación	43,8	56,3	16
Mestrado Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas	50,0	50,0	6
Mestrado Universitario en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	77,8	22,2	9
Mestrado Universitario en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	14,3	85,7	7
Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións	25,0	75,0	4
Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	17,6	82,4	17
Mestrado Universitario en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	29,4	70,6	17
Mestrado Universitario en Neurociencia-Itinerario de Doutoramento	33,3	66,7	3
Mestrado Universitario en Neurociencia-Itinerario Profesional	100,0	0,0	3

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Nutrición	36,7	63,3	49
Mestrado Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	50,0	50,0	8
Mestrado Universitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega	44,4	55,6	9
Mestrado Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial pola Universidade de Minho (Portugal)	25,9	74,1	27
Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais	60,9	39,1	69
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Formación Profesional. Servizos	18,8	81,3	16
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia	27,3	72,7	11
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Artes. Debuxo	23,8	76,2	21
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Ciencias Experimentais. Bioloxía-Xeoloxía; Física e Química	12,5	87,5	16
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física	52,4	47,6	21
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía	55,8	44,2	43
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Ciencias Sociais. Humanidades	36,4	63,6	11
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Formación Profesional. Formación e Orientación Laboral	12,0	88,0	25

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Formación Profesional. Sector Primario e Secundario	55,6	44,4	9
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas e Literaturas Oficiais: Castelán e Galego	12,5	87,5	16
Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas - Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras	11,8	88,2	34
Mestrado Universitario en Química Avanzada. RD. 1393/2007	35,7	64,3	14
Mestrado Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional. R. D. 56/2005	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional. R.D. 1393/2007	0,0	100,0	2
Mestrado Universitario en Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	92,9	7,1	14
Mestrado Universitario en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	80,0	20,0	10
Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	55,0	45,0	20
Mestrado Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil. Especialidade: Procesos	63,5	36,5	63
Mestrado Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil. Especialidade:Tecnoloxía	88,2	11,8	51
Mestrado Universitario en Teoría do Sinal e Comunicaciós.	60,0	40,0	5
Mestrado Universitario en Tradución e Paratradución	23,5	76,5	17
Mestrado Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible	51,5	48,5	33
Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral	28,6	71,4	28
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Educación Especial	6,5	93,5	93
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Educación Física	65,3	34,7	98
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Educación Infantil	7,6	92,4	462

Titulación/Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Educación Musical	27,6	72,4	76
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Educación Primaria	17,8	82,2	331
Diplomatura en Maxisterio, especialidade de Lingua Estranxeira	18,5	81,5	54

O anexo A3 mostra a distribución xeral da mostra obtida para este estudo por titulacións e campus.

A seguir preséntase a distribución da mostra analizada por titulacións e xénero. A diferenza que aparece entre o valor total do cadro e os cuestionarios recollidos é debida a que do cadro foron excluídas aquelas persoas anónimas que non indicaron o seu xénero.

Titulación	% Homes	% Mulleres	Total
Licenciatura en Belas Artes	29,0	71,0	31
Licenciatura en Bioloxía	30,0	70,0	30
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	66,7	33,3	9
Licenciatura en Ciencias do Mar	32,0	68,0	25
Diplomatura en Ciencias Empresariais	21,4	75,7	70
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	66,7	33,3	3
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	22,2	77,8	9
Licenciatura en Dereito	8,3	91,7	12
Licenciatura en Dereito Económico	37,5	58,3	24
Licenciatura en Economía	43,8	56,3	16
Diplomatura en Educación Social	0,0	100,0	14
Diplomatura en Enfermaría	8,2	83,7	49
Enxeñaría de Minas	54,8	45,2	31
Enxeñaría de Telecomunicacións	68,6	31,4	51
Enxeñaría en Informática	71,4	21,4	14
Enxeñaría Industrial	70,9	28,3	127
Enxeñaría Técnica Agrícola	41,7	58,3	12
Enxeñaría Técnica en Telecomunicación	75,0	25,0	20
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	70,8	29,2	24
Enxeñaría Técnica Forestal	53,8	38,5	13
Enxeñaría Técnica Industrial	77,9	22,1	68
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	16,7	83,3	6
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	50,0	50,0	6

Titulación	% Homes	% Mulleres	Total
Licenciatura en Física	100,0	0,0	3
Diplomatura en Fisioterapia	20,0	80,0	5
Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	100,0	0,0	1
Graduado Superior Sénior	100,0	0,0	2
Graduado Universitario Detective Privado	0,0	100,0	2
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	40,0	60,0	5
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	0,0	100,0	2
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	100,0	0,0	1
Graduado Universitario Sénior	50,0	50,0	2
Licenciatura en Historia	100,0	0,0	1
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	30,6	69,4	49
Diplomatura en Maxisterio	13,7	81,2	117
Licenciatura en Psicopedagogía	30,0	70,0	10
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	27,6	69,0	29
Licenciatura en Química	11,1	88,9	9
Diplomatura en Relacións Laborais	10,0	90,0	20
Diplomatura en Traballo Social	42,9	57,1	7
Licenciatura en Tradución e Interpretación	11,1	80,6	36
Diplomatura en Turismo	16,7	83,3	12
Diplomatura en Xestión e Administración Pública	50,0	50,0	8

Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicións (SIGMA)	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Arte Contemporánea. Creación e investigación	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Teatro e artes escénicas	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	15,4	84,6	13
Mestrado Universitario en Ciencias do Clima: meteoroloxía, oceanografía, física e mudanza climática	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Comercio Internacional	50,0	50,0	6
Mestrado Universitario en Consultoría de Software Libre	100,0	0,0	3
Mestrado Universitario en Creación, dirección e innovación na empresa	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Criminoloxía	0,0	100,0	1

Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	0,0	100,0	2
Mestrado Universitario en Dirección e planeamento do turismo interior e saúde	25,0	75,0	4
Mestrado Universitario en Dirección e xestión da loxística e da cadea de subministro	50,0	50,0	4
Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Economía	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais	20,0	80,0	5
Mestrado Universitario en Edición	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Edificación e Construción Industrial	80,0	20,0	5
Mestrado Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	41,7	58,3	12
Mestrado Universitario en Enxeñaría Matemática	50,0	50,0	4
Mestrado Universitario en Enxeñaría Telemática	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Enxeñaría Térmica	100,0	0,0	1
Mestrado Universitario en Estudos de Xénero. R. D. 1393/2007	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Física Aplicada	0,0	83,3	6
Mestrado Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	66,7	33,3	3
Mestrado Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	37,5	62,5	8
Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	0,0	100,0	4
Mestrado Universitario en Investigación en Comunicación	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Lingüística aplicada	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	100,0	6
Mestrado Universitario en Neurociencia	75,0	25,0	4
Mestrado Universitario en Nutrición	25,0	75,0	4
Mestrado Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	50,0	50,0	2

Mestrado	% Homes	% Mulleres	Total
Mestrado Universitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega	0,0	100,0	2
Mestrado Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	14,3	85,7	7
Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais	69,2	30,8	13
Mestrado Universitario par ao Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	20,8	79,2	24
Mestrado Universitario en Química Avanzada	66,7	33,3	3
Mestrado Universitario en Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Enxeñaría de Soldadura	83,3	16,7	6
Mestrado Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	33,3	66,7	3
Mestrado Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil.	84,2	15,8	19
Mestrado Universitario en Teoría do Sinal e Comunicacóns	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Tradución e Paratradución	33,3	66,7	3
Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	16,7	83,3	6
Mestrado Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	33,3	66,7	9
Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral	40,0	60,0	5

3.4 FICHA TÉCNICA

Ámbito: Universidade de Vigo.

Poboación: persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título nos anos 2008 e 2009.

Mostra recollida: 1.203 cuestionarios.

Estratificación: na hora de realizar a análise tivéronse en conta as seguintes variábeis de segmentación:

- Xénero
- Campus
- Ámbitos académicos (cf. cadro seguinte).

Titulacións e títulos propios que participan no estudo por ámbitos⁴

Arte e humanidades	Ciclo longo	Licenciatura en Belas Artes Licenciatura en Filoloxía Hispánica Licenciatura en Filoloxía Inglesa Licenciatura en Historia Licenciatura en Tradución e Interpretación
		Grao en Belas Artes Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda
Científico	Ciclo longo	Licenciatura en Bioloxía Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Licenciatura en Ciencias do Mar Licenciatura en Química Licenciatura en Física
		Grao Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
Ciencias da saúde	Ciclo curto	Diplomatura en Enfermaría Diplomatura en Fisioterapia
		Grao en Fisioterapia
Tecnolóxico	Ciclo curto	Enxeñaría Técnica Industrial Enxeñaría Técnica Forestal Enxeñaría Técnica Agrícola Enxeñaría Técnica de Telecomunicación Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión
	Ciclo longo	Enxeñaría de Minas Enxeñaría en Informática Enxeñaría Industrial Enxeñaría de Telecomunicación

4) Clasificación segundo os criterios do Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Xurídico-social	Ciclo curto	Diplomatura en Ciencias Empresariais Diplomatura en Educación Social Diplomatura en Maxisterio Diplomatura en Relacións Laborais Diplomatura en Traballo Social Diplomatura en Turismo Diplomatura en Xestión e Administración Pública
	Ciclo longo	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte Licenciatura en Comunicación Audiovisual Licenciatura en Dereito Licenciatura en Dereito Económico Licenciatura en Economía Licenciatura en Psicopedagogía Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
		Grao en Xestión e Administración Pública Graduado Universitario Detective Privado Graduado Universitario en Ciencias Policiais Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento
Multidisciplinar		Graduado Superior Sénior Graduado Universitario Sénior

Mestrados que participan no estudo por ámbitos

Arte e Humanidades	Arte contemporánea. Creación e investigación. Teatro e artes escénicas Edición Estudios ingleses avanzados e as súas aplicacións Historia, territorio e recursos patrimoniais Lingüística aplicada Política lingüística e planeamento da lingua galega Tradución e paratradución
Científico	Ciencia e tecnoloxía agroalimentar Ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía, física e mudanza climática Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases Ecosistemas terrestres, uso sustentábel e implicacións ambientais Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida Neurociencia Nutrición Química avanzada

Tecnolóxico	Aplicación de Procesado de Sinal en Comunicacóns – SIGMA Consultoría de Software libre Dirección e xestión de loxística e da cadea de subministro Edificación e construción industrial Enerxía e sustentabilidade Enxeñaría matemática Enxeñaría telemática Enxeñaría Térmica Fotónica e tecnoloxías do láser Prevención de riscos laborais Radiocomunicación e enxeñaría electromagnética Sistemas software intelixentes e adaptábeis Enxeñaría de soldadura Tecnoloxía ambiental Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil Teoría do sinal e comunicacóns
Xurídico-social	Comercio internacional Creación, dirección e innovación na empresa Criminoloxía Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos Dirección e planeamento do turismo interior e saúde Dirección integrada de proxectos Economía Estudos de xénero Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos Investigación en comunicación Investigación en contabilidade e finanzas Ordenamento xurídico do mercado Políticas comunitarias e cooperación territorial Dereito urbanístico e medio ambiente Xestión do desenvolvemento sustentábel Xestión e dirección laboral
Multidisciplinar	Física aplicada Innovación industrial e optimización de procesos Profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas

Procedemento: envío por correo electrónico e postal.

Erro: para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 2,610\%$ para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatoria simple.

Datas de realización: de maio de 2013 a febreiro de 2014.

4 | Análise dos resultados da enquisa

4.1 PERFIL DAS PERSOAS TITULADAS

A seguir móstranse uns datos básicos para caracterizar de maneira xeral as persoas tituladas que fan parte da mostra recollida neste estudo.

1. Xénero

A mostra está composta por un 59,2% de mulleres e un 40,8% de homes. Comparado coa proporción entre homes e mulleres existentes no total da poboación (58,7% de mulleres contra 41,3% de homes), compróbase que a distribución por xénero na mostra axústase moito á distribución real na poboación.

O seguinte cadro mostra a distribución do xénero nos distintos ámbitos académicos. Encontráronse diferenzas estatisticamente significativas, observándose que as titulacións da rama de ciencias da saúde, arte e humanidades e xurídico-social contan con maior presenza de mulleres tituladas (89,6%, 78,7% e 75,6%, respectivamente) contra os estudos da rama tecnolóxica con maior presenza de homes (69,0%).

	Poboación		Mostra	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Arte e humanidades	75,8	24,2	78,7	21,3
Científico	64,9	35,1	69,2	30,8
Ciencias da saúde	83,5	16,5	89,6	10,4
Tecnolóxico	30,1	69,9	31,0	69,0
Xurídico-social	70,9	29,1	75,6	24,4
Multidisciplinar ⁵	60,8	39,2	72,5	27,5
Total	58,7	41,3	59,2	40,8

Como se pode comprobar no cadro anterior, a distribución por xénero en cada un dos ámbitos académicos segue as tendencias detectadas na mostra analizada. En xeral, os homes presentaron unha taxa de resposta inferior ás mulleres, daí que a súa proporción na mostra, salvo no caso dos titulados no ámbito tecnolóxico, sexa bastante inferior á existente na poboación.

A distribución da mostra recollida por titulacións e xénero é presentada no segundo cadro do apartado "Poboación e mostra" (páxs. 26-29).

5) Este ámbito é referido ás persoas tituladas nos mestrados de Física Aplicada, Innovación industrial e optimización de procesos, Técnicas estatísticas e Mestrado para o profesorado de educación secundaria obligatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas.

2. Lugar de residencia

Esta epígrafe mostra diferentes informacións sobre a residencia do estudantado durante os estudos e no momento de realizar a enquisa. En consecuencia, fica reflectida en certa maneira a mobilidade laboral da persoa titulada.

2.1 Residencia durante os estudos

O seguinte cadro presenta a proporción de persoas tituladas agrupadas por provincias e países nas que se encontraba a residencia no momento en que estaban a cursar estudos na Universidade de Vigo.

Provincia	%
Álava	0,1
Albacete	0,1
Alemaña	0,1
Arxentina	0,1
Asturias	1,0
Badaxoz	0,1
Burgos	0,3
Cáceres	0,1
Cádiz	0,2
Gran Canaria	0,1
Cantabria	0,3
Castellón	0,1
Coruña	9,9
Cuba	0,2
Ecuador	0,1
Francia	0,1
Illas Baleares	0,1
Xaén	0,1
León	0,3
Lugo	5,6
Madrid	0,2
México	0,1
Ourense	19,8
Pontevedra	60,0
Portugal	0,6
Segovia	0,1
Tenerife	0,1
Uruguai	0,1
Valladolid	0,2
Zamora	0,1

Apréciase claramente que a maioría de titulados/as (79,8%) son orixinarios das provincias en que se encontran as sedes dos tres campus.

Para simplificar a análise, agrupáronse as respostas por comunidades autónomas e países.

Comunidade autónoma	%
Galicia	95,3
Asturias	1,0
Castilla y León	1,0
Cantabria	0,3
Andalucía	0,3
Canarias	0,2
Extremadura	0,2
Madrid	0,2
Illas Baleares	0,1
Comunidade Valenciana	0,1
Castilla-La Mancha	0,1
País Basco	0,1
Portugal	0,6
Alemaña	0,1
Cuba	0,2
Arxentina	0,1
Uruguai	0,1
México	0,1

Como se pode comprobar, a maioría do estudantado tiña o seu lugar de residencia en Galicia (95,3%). Cabe destacar a maior proporción de estudantado orixinario de comunidades autónomas lideiras a Galicia: Asturias e Castilla y León (1,0% ambas) así como Portugal (0,6%).

Atendendo ao lugar de residencia durante os seus estudos, os principais municipios de residencia dos estudantes que integran a mostra foron: Vigo (29,4%), Ourense (10,8%), Pontevedra (5,1%), Coruña (2,4%), Redondela (2,2%), Moaña (1,6%), Cangas e Porriño (1,5% ambas). Estes municipios galegos absorben máis de metade das persoas que responderon a enquisa (54,5%).

2.2 Residencia no momento actual

Este apartado recolle os resultados obtidos relativamente á residencia actual da persoa titulada. A análise das respostas mostra que a porcentaxe de persoas que na actualidade traballan fora de Galicia supoñen o 20,9% dos que responderon a pregunta sobre a súa residencia actual. Neste colectivo existen dous grupos diferenciados: aqueles que traballan noutros territorios do Estado (53,4%) e os que o fan en países estranxeiros (46,6%).

A seguir móstrase a distribución xeográfica onde traballan os titulados/as que realizaron os seus estudos na Universidade de Vigo:

Lugar	%
Galicia	79,1
Outra provincia española	11,2
País estranxeiro	9,7

Obsérvase unha diminución das persoas con residencia en Galicia, que pasa 95,3% durante os anos de estudo para o 79,1% no momento actual. Isto implica un “saldo negativo” de mobilidade de máis do 15% de titulados/as.

A seguir móstrase, por titulacións, a porcentaxe persoas tituladas que no momento actual residen fora de Galicia.

	%
Licenciatura en Belas Artes	18,8
Licenciatura en Bioloxía	19,6
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	20,0
Licenciatura en Ciencias do Mar	41,9
Diplomatura en Ciencias Empresariais	3,7
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos*	57,1
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	22,2
Licenciatura en Dereito Económico	20,0
Licenciatura en Economía	14,3
Diplomatura en Enfermaría	3,8
Enxeñaría de Minas	43,8
Enxeñaría de Telecomunicacións	27,1
Enxeñaría Industrial	27,2
Enxeñaría Técnica Agrícola	11,1
Enxeñaría Técnica en Telecomunicacións	38,1
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	25,0
Enxeñaría Técnica Forestal	12,5
Enxeñaría Técnica Industrial	18,6
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	30,0
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	12,5
Licenciatura en Física*	33,3
G.U. en Ciencias Policiais	20,0
G.U. en Deseño Téxtil e Moda*	50,0
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	14,0
Diplomatura en Maxisterio	3,3
Licenciatura en Psicopedagogía	7,7

Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	29,0
Licenciatura en Química	29,4
Diplomatura en Relacións Laborais	8,7
Diñomatura en Traballo Social	10,0
Licenciatura en Tradución e Interpretación	23,8
Diplomatura en Turismo	13,3
Diplomatura en Xestión e Administración Pública	12,5
Mestrado	12,3

* Mostra non representativa

Como se pode comprobar, a maior taxa de emigración na mostra analizada deuse nos titulados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (57,1%), Enxeñaría de Minas (43,8%), Ciencias do Mar (41,9%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións (38,1%), Física (33,3%) e Filoloxía Hispánica (30,0%). Igualmente, superan a media rexistrada os licenciados en Química (29,4%) e Publicidade e Relacións Públicas (29,0%), así como os enxeñeiros/as industriais (27,2%), de telecomunicacións (27,1%), enxeñeiros técnicos en Informática de Xestión (25,0%), licenciados en tradución e interpretación (23,8%) e comunicación audiovisual (22,2%). Finalmente, un reducido grupo de titulacións non presentan taxas de emigración (licenciaturas en Dereito e Historia, enxeñaría en Informática e as diplomaturas en Educación Social e Fisioterapia).

A seguir móstrase, por titulacións, a porcentaxe persoas tituladas que no momento actual residen fora de Galicia.

Por provincias, os territorios españois nos que na actualidade traballan os titulados que realizaron os seus estudos na Universidade de Vigo e que responderon a enquisa son:

PROVINCIA	%
ALBACETE	0,1
ASTURIAS	0,5
ÁVILA	0,1
BALEARES	0,1
BARCELONA	1,6
BURGOS	0,3
CÁDIZ	0,1
CANARIAS	0,5
CANTABRIA	0,2
CASTELLÓN	0,1
CIUDAD REAL	0,1
CORUÑA	9,5
GRANADA	0,4
GUADALAJARA	0,1
ILLAS BALEARES	0,3

LEÓN	0,5
LUGO	3,8
LLEIDA	0,1
MADRID	5,8
MÁLAGA	0,2
NAVARRA	0,1
OURENSE	16,3
PAÍS BASCO	0,5
PONTEVEDRA	57,6
SEVILLA	0,1
TARRAGONA	0,2
TOLEDO	0,1
VALENCIA	0,1
VALLADOLID	0,3
ZARAGOZA	0,2

No tocante á situación no ámbito español, por provincias vese que existe unha maior dispersión á existente no caso do lugar de residencia durante os estudos. De todas as maneiras, de novo aparecen as provincias onde radican os campus da Universidade de Vigo como lugar de residencia dunha maior porcentaxe de persoas tituladas (79,1%).

Por outro lado, os países estranxeiros nos que residen no momento actual as persoas tituladas inquiridas son:

País	%
Alemaña	16,5
Arxelia	0,9
Arxentina	1,8
Austria	1,8
Bélxica	0,9
Brasil	1,8
Cuba	0,9
China	0,9
Dinamarca	1,8
Ecuador	1,8
Emirados Árabes Unidos	0,9
Estados Unidos	4,3
Francia	14,8
Irlanda	0,9
Italia	2,6
Luxemburgo	0,9

Malta	1,8
México	1,8
Noruega	1,8
Países Baixos	5,2
Perú	0,9
Polonia	1,8
Portugal	10,4
Reino Unido	11,3
República Checa	0,9
República Dominicana	0,9
Suíza	3,5
Trindade e Tobago	0,9
Uruguai	0,9
Xapón	0,9
Xeorxia	0,9

Analizando máis pormenorizadamente os principais países estranxeiros de destino de emigración aos que se dirixiron as persoas tituladas, o seguinte cadro mostra, por países, as titulacións realizadas na Universidade de Vigo.

País de destino	Titulación realizada
Alemaña	Enxeñaría Industrial (27,8%) Bioloxía (22,2%) Enxeñaría Técnica Industrial (16,7%) Enxeñaría de Minas (11,1%) Outras: Economía, Enx. de Telecomunicacións, Tradución e Interpretación e Enx. Téc. Forestal
Francia	Enxeñaría Industrial, Tradución e Interpretación (25,0% ambas) Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Técnica Industrial e Filoloxía Hispánica (12,5% cada unha) Outras: Enxeñaría de Telecomunicacións e Química
Reino Unido	Enxeñaría Industrial (23,1%) Enxeñaría de Minas e Enxeñaría de Telecomunicacións (15,4% ambas) Outras: Ciencias Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Enxeñaría Técnica Industrial, Química, Tradución e Interpretación e Dereito Económico.
Portugal	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%), Outras: Química, Ciencias do Mar, Física e Enxeñaría Técnica Industrial
Países Baixos	Telecomunicacións (50,0%) Outras: Enxeñaría Industrial, Enx. Téc. en Informática de Xestión e Belas Artes
Estados Unidos	Enxeñaría de Telecomunicacións e Ciencias do Mar (40,0% ambas) Economía (20,0%)

Co obxecto de analizarmos con máis detalle o aspecto da mobilidade das persoas tituladas elaborouse un cadro que presenta a diferenza entre a porcentaxe de graduados que vivían nunha determinada comunidade autónoma e país durante os estudos e a mesma porcentaxe no momento actual.

Comunidade autónoma	Domicilio		Saldo
	Durante os estudos	Actual	
Galicia	95,3	79,1	-16,2
Asturias	1,0	0,4	-0,6
Castilla y León	1,0	1,0	0,0
Cantabria	0,3	0,2	-0,1
Andalucía	0,3	0,8	0,5
Canarias	0,2	0,4	0,2
Extremadura	0,2	0,0	-0,2
Madrid	0,2	5,3	5,1
Illas Baleares	0,1	0,3	0,2
Comunidade Valenciana	0,1	0,2	0,1
Castilla-La Mancha	0,1	0,3	0,2
País Vasco	0,1	0,4	0,3
Navarra	0,0	0,1	0,1
Aragón	0,0	0,2	0,2
Cataluña	0,0	1,7	1,7
País	Durante os estudos	Actual	Saldo
Portugal	0,6	1,0	0,4
Alemaña	0,1	1,6	1,5
Cuba	0,2	0,1	-0,1
Arxentina	0,1	0,2	0,1
Uruguai	0,1	0,1	0,0
México	0,1	0,2	0,1
Arxelia	0,0	0,1	0,1
Austria	0,0	0,2	0,2
Brasil	0,0	0,2	0,2
Bélxica	0,0	0,1	0,1
China	0,0	0,1	0,1
Dinamarca	0,0	0,2	0,2
Ecuador	0,0	0,2	0,2
Emirados Árabes Unidos	0,0	0,1	0,1
EUA	0,0	0,4	0,4
Francia	0,0	1,4	1,4

Irlanda	0,0	0,1	0,1
Italia	0,0	0,3	0,3
Luxemburgo	0,0	0,1	0,1
Malta	0,0	0,2	0,2
Noruega	0,0	0,2	0,2
Países Baixos	0,0	0,5	0,5
Perú	0,0	0,1	0,1
Polonia	0,0	0,1	0,1
Reino Unido	0,0	1,1	1,1
República Checa	0,0	0,1	0,1
República Dominicana	0,0	0,1	0,1
Suecia	0,0	0,3	0,3
Suíza	0,0	0,3	0,3
Trindade e Tobago	0,0	0,1	0,1
Xapón	0,0	0,1	0,1
Xeorxia	0,0	0,1	0,1

Como se pode ver o saldo é negativo a nivel de Galicia, Asturias, Cantabria, Extremadura, Cuba. Os saldos positivos máis altos prodúcense en Madrid, Cataluña, Alemaña, Francia e Reino Unido.

Levando en conta estes saldos, a porcentaxe total de persoas tituladas que viven fora de Galicia é do 17,3%. Porén, é posíbel este número real sexa superior dada a dificultade de contactar con elas para a realización desta enquisa.

Isto pode ser interpretado como un indicador da maior mobilidade que supón ter unha titulación universitaria, xa que costuma ser maior que noutros niveis educativos. Porén, o feito de que a porcentaxe se teña incrementado tanto está ligada á situación socio económica pola que atravesamos a economía do Estado español.

3. Ámbitos de coñecemento

Os estudos con maior representación na mostra obtida son as titulacións do ámbito xurídico-social co 39,1% das respostas. En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito tecnolóxico (36,6%). A seguir, aparecen as titulacións do ámbito científico (8,9%) e de arte e humanidades (7,7%). Finalmente, cunhas porcentaxes máis reducidas áchanse os estudos dos ámbitos das ciencias da saúde (4,3%) e multidisciplinar⁶ (3,4%).

6) O ámbito multidisciplinar está formado polos mestrados de Profesorado, Innovación Industrial e optimización de procesos, Física Aplicada e polos Graduados Superior e Universitario Sénior.

	Distribución da poboación	Distribución da mostra
Arte e humanidades	7,9	7,7
Científico	6,8	8,9
Ciencias da saúde	5,9	4,3
Tecnolóxico	30,5	36,6
Xurídico-social	43,9	39,1
Multidisciplinar	4,9	3,4

Como se pode observar, a menor proporción que na mostra manifestan as titulacións dos ámbitos ámbito xurídico-social e das ciencias da saúde están “compensadas” pola maior porcentaxe das titulacións dos ámbitos tecnolóxico e científico. No caso da rama de arte e humanidades prodúcese unha coincidencia entre a distribución da mostra e da poboación.

4. Campus universitario

A mostra obtida distribúese por campus do seguinte modo: Vigo (64,4%), Ourense (20,6%) e Pontevedra (15,0%).

Máis de dous terzos das persoas tituladas dos campus de Ourense e Pontevedra son mulleres (67,6% ambos), alcanzando o 52,8% no de Vigo.

O seguinte cadro mostra a distribución da mostra por ámbitos académicos nos distintos campus:

	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Arte e humanidades	1,2	17,9	7,4	7,7
Ciencias	9,7	0,0	10,8	8,9
Ciencias da saúde	3,2	8,4	3,6	4,3
Tecnolóxico	23,1	7,3	47,9	36,6
Xurídico-social	60,3	64,8	26,3	39,1
Multidisciplinar	2,4	1,7	4,0	3,4

Como se pode observar, mentres que nos campus de Pontevedra e de Ourense existe un predominio das titulacións do ámbito xurídico-social, no de Vigo predominan as tecnolóxicas.

5. Duración dos estudos

A duración media dos estudos en anos da mostra analizada⁷ é de 5,04 anos e unha desviación típica de 2,439.

Ao comparar esta variábel por xénero surxen diferenzas significativas, pois os homes, cunha media de 5,72 anos (e unha desviación típica de 2,774) demoraron máis que as mulleres (4,60 anos e unha desviación típica de 2,104).

Respectante ás diferenzas por ramas de ensino, cabe levar en conta a diferente duración das titulacións incluídas en cada unha destas categorías. Así pois, todas as titulacións do ámbito das ciencias da saúde, salvo os casos do Grao en Fisioterapia, son de ciclo curto, mentres que a totalidade das titulacións da rama de arte e humanidades son de ciclo longo (antigas licenciaturas). Os ámbitos tecnolóxico e xurídico-social inclúen titulacións de ciclos longos e curtos.

Levando en conta isto, persoas tituladas do ámbito das ciencias da saúde son os que completaron os seus estudos máis rápido (3,16 anos). Aquelas dos ámbitos tecnolóxico (6,10 anos) e científico (5,45 anos) son as que máis demoraron. Finalmente, as persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades (con titulacións de ciclo longo) tardaron máis (4,86 anos) que as do xurídico-social (4,23 anos).

O Anexo A4 mostra a distribución dos anos de estudo nas diferentes titulacións.

6. Perfil das persoas tituladas en mestrado

Un 18,3% da mostra obtida está formada por persoas tituladas nalgún dos mestrados ofrecidos pola Universidade de Vigo.

6.1 Universidade en que realizaron a carreira cursada previamente

Un 66,8% das persoas que nos anos 2008 e 2009 realizaron mestrados na Universidade de Vigo, realizaron previamente estudos en titulacións da mesma universidade. No total, os alumnos procedentes de universidades galegas ascenden ao 79,1% das persoas que realizaron mestrados ofertados pola Universidade de Vigo.

Logo a seguir, pola súa proximidade xeográfica, destacan os procedentes de universidades situadas en Castela e León (5,0%), Portugal (2,5%) e Asturias (1,4%).

7) Excluído deste cálculo as persoas que realizaron un mestrado no período analizado.

O seguinte cadro mostra as universidades de procedencia dos titulados/as que cursaron mestrados na Universidade de Vigo, indicando o seu territorio, ben como a súa distribución frecuencial.

Territorio	Universidade	%	Total
Galicia	Vigo	66,8	79,1
	Santiago de Compostela	9,1	
	Coruña	3,2	
Castilla y León	Valladolid	0,9	5,0
	Salamanca	3,6	
	León	0,5	
Portugal	Coimbra	0,5	2,5
	Instituto Superior de Administração e Gestão (ISAG) – Porto	0,5	
	Instituto Superior de Engenharia do Porto (ISEP) – Porto	0,5	
	Trás-os-Montes e Alto Douro	0,5	
	Porto	0,5	
Asturias	Oviedo	1,4	1,4
Madrid	UAX	0,9	1,4
	Rey Juan Carlos	0,5	
País Valenciano	Miguel Hernández	0,5	1,0
	Politécnica de Valencia	0,5	
Andalucía	Granada	0,5	0,5
País Vasco	Politécnica - Eibar	0,5	0,5
Extremadura	Extremadura	0,5	0,5
Venezuela	Central	0,5	1,5
	Simón Bolívar	1,0	
Ecuador	Escuela Politécnica Nacional	0,5	0,5
Cuba	Habana	0,5	1,0
	Instituto Politécnico Superior José Echeverría	0,5	
México	Instituto Tecnológico de Monterrey	0,5	0,5
Arxentina	Instituto Universitario Nacional del Arte (IUNA)	0,5	1,0
	Nacional de Córdoba	0,5	

6.2 Titulacións previas cursadas

A fin de coñecermos o perfil das persoas que cursaron mestrados na Universidade de Vigo, a seguir móstrase a carreira realizada previamente.

Mestrado	Titulación previa
APLICACIÓN DE PROCESOS DE SINAL - SIGMA	ENX TÊC DE TELECOMUNICACIÓNS
ARTE CONTEMPORÁNEA	BELAS ARTES
ARTES ESCÉNICAS	FILOLOXÍA HISPÁNICA
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS (30,8%)
	ENX TÊC AGRÍCOLA (30,8%)
	QUÍMICA (23,1%)
	BIOLOXÍA (15,4%)
CIENCIAS DO CLIMA: METEOROLOXÍA, OCEANOOGRAFÍA	FÍSICA
COLOIDES E INTERFASES	FÍSICA
COMERCIO INTERNACIONAL	CC EMPRESARIAIS (100,0%)
CONSULTORIA SOFTWARE LIBRE	ENX TÊC EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN (100,0%)
CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN EMPRESARIAL	ENX INFORMÁTICA
CRIMINOLOXIA	GRADUADO SOCIAL
DIFICULTADES APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS	MESTRE (100,0%)
DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DE TURISMO	TURISMO (75,0%)
	CC EMPRESARIAIS (25,0%)
DIRECCIÓN E XESTIÓN DE LOXÍSTICA	ECONOMÍA (25,0%)
	ENX INDUSTRIAL (75,0%)
DIRECCIÓN INTEGR DE PROXECTOS	ENX TÊC DE TOPOGRAFÍA
ECONOMÍA	ECONOMÍA
ECOSISTEMAS TERRESTRES	BIOLOXÍA (80,0%)
	CIENCIAS AMBIENTAIS (20,0%)
EDICIÓN	FILOLOXÍA HISPÁNICA (100,0%)
EDIFICACIÓN E CONSTRUCCIÓN INDUSTRIAL	ENX TÊC INDUSTRIAL (80,0%)
	ENX DE EDIFICACIÓN (20,0%)
ENERXÍA E SUSTENTABILIDADE	ENX TÊC INDUSTRIAL (41,7%)
	ENX TÊC AGRÍCOLA (8,3%)
	ENX INDUSTRIAL (50,0%)
ENXEÑARÍA MATEMÁTICA	MATEMÁTICAS (50,0%)
	FÍSICA (25,0%)
	ENX QUÍMICA (25,0%)
ENXEÑARÍA TELEMÁTICA	ENX DE TELECOMUNICACIÓNS
ENXEÑARÍA TÉRMICA	ENX INDUSTRIAL
ESTUDOS DE XÉNERO	
ESTUDOS INGLESES AVANZADOS	FILOLOXÍA INGLESA

Mestrado	Titulación previa
FÍSICA APLICADA	FÍSICA (33,3%)
	CC DO MAR (50,0%)
	CIENCIAS AMBIENTAIS (16,7%)
	QUÍMICA (16,7%)
FOTÓNICA E LÁSER	ENX TÉC INDUSTRIAL (33,3%)
	ENX INDUSTRIAL (66,7%)
HISTORIA, TERRITORIO E PATRIMONIO	HISTORIA
INNOVACIÓN INDUSTRIAL E OPTIMIZACIÓN DE PROCESOS	CC EMPRESARIAIS (37,5%)
	ENX INDUSTRIAL (25,0%)
	ENX TÉC FORESTAL (12,5%)
	ENX TÉC INDUSTRIAL (12,5%)
	ECONOMÍA (12,5%)
INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR	PSICOPEDAGOXÍA (75,0%)
	MESTRE (25,0%)
INVESTIG EN COMUNICACIÓN	PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS (100,0%)
LINGÜÍSTICA E SUAS APLICACIÓNS	TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN
METODOLOXÍA E APLICACIÓNS CC DA VIDA	BIOLOXÍA (100,0%)
NEUROCIENCIA	PSICOLOXÍA (25,0%)
	FISIOTERAPIA (25,0%)
	BIOLOXÍA (50,0%)
NUTRICIÓN	MEDICINA (25,0%)
	BIOLOXÍA (25,0%)
	FARMACIA (25,0%)
	ENFERMARÍA (25,0%)
ORDENAMENTO XURÍDICO DO MERCADO	DEREITO (100,0%)
POLÍTICA LINGÜÍSTICA	FILOLOXÍA HISPÁNICA (50,0%)
	FILOLOXÍA GALEGA (50,0%)
POLÍTICAS COMUNITARIAS E COOPERACIÓN TERRITORIAL	ENX CIVIL (14,3%)
	ESTUDOS EMPRESARIAIS (14,3%)
	DEREITO (14,3%)
	DEREITO ECONÓMICO (14,3%)
	XORNALISMO (14,3%)
	TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN (14,3%)

Mestrado	Titulación previa
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	ENX TÊC INDUSTRIAL (30,8%)
	ENFERMARIA (7,7%)
	ARQUITECTURA TÉCNICA (7,7%)
	GRADUADO SOCIAL (7,7%)
	XEOLOXÍA (7,7%)
	ENX INDUSTRIAL (14,4%)
	ENX TÊC AGRÍCOLA (7,7%)
	XEOLOXÍA (7,7%)
PROFESORADO	HISTORIA (4,2%)
	PSICOLOXÍA (4,2%)
	ENX TÊC INDUSTRIAL (8,4%)
	FILOLOXÍA FRANCESA (4,2%)
	XESTIÓN DE EMPRESAS (4,2%)
	ENX INDUSTRIAL (12,5%)
	ESTUDOS IBÉRICOS (PROGR. ERASMUS) (4,2%)
	TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN (8,4%)
	BIOLOXÍA (4,2%)
	ENX TÊC EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN (4,2%)
	FILOLOXÍA HISPÁNICA (4,2%)
	FISIOTERAPIA (4,2%)
	ENX DE TELECOMUNICACIÓNS (8,4%)
	ENFERMARÍA (4,2%)
	CC ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE (4,2%)
	FÍSICA (4,2%)
	FILOLOXÍA INGLESA (4,2%)
QUÍMICA AVANZADA	QUÍMICA (100,0%)
RADIOCOMUNICACIÓN E ENXEÑARÍA ELECTROMAGNÉTICA	ENX DE TELECOMUNICACIÓNS (100,0%)
SISTEMAS SOFTWARE INTELIXENTES E ADAPTABLES	ENX INFORMÁTICA (100,0%)
SOLDADURA	ENX INDUSTRIAL (50,0%)
	ENX TÊC INDUSTRIAL (33,3%)
	ENX TÊC NAVAL (16,7%)
TECNOLOXÍA MEDIOAMBIENTAL	ENX TÊC FORESTAL (66,7%)
	ENX DE MINAS (33,3%)

Mestrado	Titulación previa
TECNOLOXÍAS E PROCESOS INDUSTRIA AUTOMÓBIL	ENX TÉC INDUSTRIAL (63,2%)
	ENX INDUSTRIAL (21,1%)
	ENX DE TELECOMUNICACIÓNS (10,5%)
	ENX EN MECATRÓNICA (5,3%)
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	ENX DE TELECOMUNICACIÓNS
TRADUCIÓN E PARATRADUCIÓN	CONTABILIDADE E ADMINISTRACIÓN (33,3%)
	TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN (66,7%)
URBANISMO E MEDIO AMBIENTE	DEREITO (66,7%)
	ARQUITECTURA (33,3%)
XESTIÓN DO DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁBEL	CC DO MAR (33,3%)
	CIENCIAS AMBIENTAIS (11,1%)
	ECONOMÍA (22,2%)
	DEREITO (11,1%)
	LADE (11,1%)
	XEOGRAFÍA E HISTORIA (11,1%)
XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL	RELACIÓNS LABORAIS (60,0%)
	MESTRE (20,0%)
	GRADUADO SOCIAL (20,0%)

4.2 ACTIVIDADES DURANTE OS ANOS DE ESTUDO UNIVERSITARIOS

A seguir preséntanse as informacións relativas á realización de prácticas en empresas, institucións ou similares durante o período de estudos, a participación en programas de mobilidade internacional, a realización de prácticas en empresas no estranxeiro, a docencia recibida en lingua estranxeira e as competencias lingüísticas desenvolvidas en galego e en linguas estranxeiras.

1. Realización de prácticas en empresas e/ou institucións

En total, o 56,8% das persoas inquiridas sinalaron a realización de prácticas en empresas e/ou institucións durante os seus estudos na Universidade de Vigo (48,6% de homes contra 62,5% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento existen grandes diferenzas, sendo maioritario entre as persoas tituladas nas ramas das ciencias da saúde (94,2%), xurídico-social (70,1%) e científico (57,9%). Polo contrario, este aspecto é minoritario na rama de arte e humanidades (21,7%) e tecnolóxico (46,9%).

Na distribución de frecuencias por titulacións (anexo A5) constatouse a existencia de grandes diferenzas. Así sendo, realizaron este tipo de prácticas preprofesionais a totalidade dos titulados/as de Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos (cunha mostra non representativa) así como a maioría dos estudantes das titulacións de Enfermaría (95,9%), Turismo (91,7%) e Psicopedagogía (90,0%). Ao contrario, realizou prácticas menos dun terzo do estudiantado titulado en Filoloxía Inglesa e Dereito (16,7% ambas), Belas Artes e Tradución e Interpretación (16,7% ambas), Enxeñaría Técnica Agrícola (25,0%), Filoloxía Hispánica e Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (33,3%).

2. Participación en programas de mobilidade internacional

O 19,4% das persoas tituladas da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional dirixidos ao alumnado, sendo levemente superior a porcentaxe de homes (20,8%) que de mulleres (18,8%).

Por rama de coñecemento, as titulacións con maior porcentaxe de participación as pertencentes á de arte e humanidades (41,3%). A maior distancia sitúanse os titulados/as do ámbito tecnolóxico (23,5%), científico (16,8%), xurídico-social (13,9%). Só un 1,9% dos titulados/as do ámbito das ciencias da saúde participou nestes programas.

O anexo A6 reflicte as grandes diferenzas existentes no grao de participación dos titulados/as nos programas de mobilidade internacional en función da titulación cursada. Presentan unha participación alta neste tipo de programas as persoas tituladas de Tradución e Interpretación (69,4%). Logo a seguir áchanse os titulados/as de Enxeñaría de Minas (35,5%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións (35,0%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e as filoloxías Hispánica e Inglesa (33,3% ambas). Contrariamente, non participou ningunha persoa titulada en Comunicación Audiovisual, Fisioterapia, Química, Turismo e Xestión e Administración Pública e, con mostras non representativas, Física e Historia. As porcentaxes máis baixas de participación situáronse en Enfermaría (2,0%), Relacións Laborais (5,0%), Enxeñaría en Informática (7,1%), Mestre e Enxeñaría Técnica Forestal (7,7% ambas), Enxeñaría Técnica Agrícola (8,3%) e Psicopedagogía (10,0%).

3. Realización de prácticas en empresas no estranxeiro

A porcentaxe de estudantes que tiveron a posibilidade de realizar prácticas en empresas do estranxeiro é do 8,3%. Un 52,4% manifestou que non tivo esa posibilidade, non respondendo esta cuestión o 36,0% das persoas inquiridas. Por xéneros, a proporción de mulleres e homes que responderon positivamente son similares (8,5% e 8,3%, respectivamente).

Por ámbitos académicos, a maior proporción deuse nas titulacións do ámbito das ciencias (9,3%) e xurídico-social (8,7%) contra o humanístico (6,5%), ciencias da saúde (7,7%) e tecnolóxico (8,2%).

4. Competencias lingüísticas desenvolvidas

As competencias lingüísticas foron valoradas nunha escala de cinco puntos que vai do 1 (nada/ningún coñecemento) a 5 (moito/coñecemento excelente), o que permite establecer unha tipificación de coñecemento por frecuencias nas seguintes categorías de coñecemento: excelente, bo, medio, algún coñecemento e ningún.

4.1 Coñecementos de galego

O grao de coñecemento do galego, nunha escala do 0 ao 5 foi do 4,16. Por frecuencias, foi de ningún coñecemento no 4,0% dos casos, algún coñecemento no 4,4%, medio no 13,5%, bo no 27,4% e excelente no 50,7%. Isto supón que o 96,0% das persoas inquiridas ten polo menos algún coñecemento do galego.

Comparando por xéneros, non existen diferenzas estatisticamente significativas, tal como reflicte o seguinte cadro:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	3,2	4,3	15,8	26,3	50,5
Muller	4,5	4,5	11,7	28,1	51,1

Ao analizarmos a media dos coñecementos actuais da lingua galega agrupando os resultados por ramas de coñecemento encontráronse diferenzas significativas:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	3,4	9,1	11,4	26,1	50,0
Ciencias	5,3	4,2	7,4	27,4	55,8
Ciencias da saúde	6,1	0,0	2,0	22,4	69,4
Tecnolóxico	4,0	3,8	14,4	25,4	52,0
Xurídico-social	3,7	4,4	15,5	30,1	46,3

Ao analizar a contribución da formación recibida na Universidade de Vigo no coñecemento do galego, máis dun terzo das persoas inquiridas (36,9%) respondeu que foi nula, o 18,2% que foi pouco, 19,6% algo, 13,0% bastante e 12,4% moito.

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas, tal como mostra o seguinte cadro:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Home	40,6	18,3	19,6	12,6	8,8
Muller	34,6	17,5	19,8	13,3	14,7

As mulleres achan que a contribución da súa formación universitaria ao coñecemento da lingua galega⁸ foi superior á dos homes (47,8% contra 41,0%).

Por ámbitos, a contribución das titulacións da Universidade de Vigo no coñecemento do galego seguiu a seguinte distribución:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	16,1	12,6	13,8	25,3	32,2
Ciencias	36,1	19,6	18,6	11,3	14,4
Ciencias da saúde	48,0	16,0	12,0	10,0	14,0
Tecnolóxico	46,0	19,3	17,8	9,4	7,4
Xurídico-social	30,6	19,1	23,5	13,8	12,9

Como se pode comprobar, existen diferenzas estatisticamente significativas na valoración da contribución da formación recibida na Universidade de Vigo en función da rama de coñecemento en que está encadrada a titulación cursada. Así, o nivel de contribución⁹ das titulacións dos ámbitos tecnolóxico (34,6%), das ciencias da saúde (36,0%) e científico (44,3%) foi menor que o de arte e humanidades (71,6%) e xurídico-social (50,2%).

4.2 Docencia recibida en lingua estranxeira

Os titulados/as foron preguntados sobre se receberam docencia dalgunha materia nunha lingua estranxeira durante os seus estudos na Universidade de Vigo, respondendo afirmativamente o 35,7% das persoas inquiridas.

Existen diferenzas estatisticamente significativas por ramas de coñecemento. Así sendo, o nivel de docencia dalgunha materia nunha lingua estranxeira foi maioritario nas titulacións do ámbito das artes e humanidades (60,9%) e notábel no caso das titulacións xurídico-sociais (45,2%). Os ámbitos tecnolóxico e científico mostraron uns niveis de docencia en lingua estranxeira do 28,7% e 18,7%, respectivamente. Finalmente, só o 5,8% dos titulados/as do ámbito das ciencias da saúde recibiu docencia dalgunha materia nalgunha lingua estranxeira.

O anexo A7 mostra a distribución deste parámetro nas titulacións analizadas.

4.3 Coñecementos en linguas estranxeiras

Neste apartado analízanse os resultados recollidos para inglés, francés, alemán e outras linguas. Os coñecementos destas linguas foron valorados, ao igual que no apartado 4.1, segundo unha escala de cinco puntos.

8) Suma das respostas algo, bastante e moito.

9) Suma das respostas algo, bastante e moito.

4.3.1 Coñecementos de inglés

Posúen coñecementos de inglés o 95,3% das persoas inquiridas (media do 3,38). O 4,7% manifestou carecer de calquera coñecemento desta lingua, o 15,4% referiu ter algún coñecemento, o 33,8% un coñecemento medio, o 29,9% bo e o 16,3% excelente.

Os homes mostraron uns coñecementos superiores ás mulleres, tal como mostra o seguinte cadro:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	3,4	13,3	35,0	31,1	17,2
Muller	5,2	16,9	33,2	29,2	15,5

O seguinte cadro presenta o grao de coñecemento da lingua inglesa por ámbitos de coñecemento:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	3,5	11,6	27,9	23,3	33,7
Científico	1,1	6,4	27,7	43,6	21,3
Ciencias da Saúde	12,2	22,4	32,7	26,5	6,1
Tecnolóxico	3,2	11,7	34,4	33,7	17,0
Xurídico-social	6,0	20,9	35,8	24,9	12,3

Neste caso, existen diferenzas estatisticamente significativas (suma de coñecemento bo e excelente). Por un lado, as titulacións do ámbito científico (64,9%), arte e humanidades (57,0%) e tecnolóxico (50,7%) presentan uns niveis de coñecemento superiores ás dos ámbitos das ciencias da saúde (32,6%) e xurídico-social (37,2%).

En relación coa contribución dos estudos universitarios á melloría dos coñecementos do inglés, a maioría (52,0%) respondeu que foi nulo, o 23,7% que foi pouco, o 15,6% que contribuíu en algo, o 5,2% bastante e o 3,4% moito.

O seguinte cadro mostra a contribución da carreira universitaria na mellora do nivel de coñecemento de inglés por xénero:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Home	54,4	25,3	13,5	3,8	2,9
Muller	50,5	22,4	17,2	6,4	3,6

Distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	37,6	9,4	11,8	12,9	28,2
Científico	36,5	30,2	27,1	2,1	4,2
Ciencias da saúde	81,6	6,1	10,2	2,0	0,0

Tecnolóxico	57,8	27,4	12,6	1,7	0,5
Xurídico-social	48,7	24,8	17,5	7,6	1,4

Existen diferenzas estatisticamente significativas: as titulacións de arte e humanidades son as que máis contribuíron á melloría dos coñecementos de inglés (41,1%), contra o 2,0% das ciencias da saúde, 2,2% do tecnolóxico, 6,3% do científico e 9,3% do xurídico-social.

4.3.2 Coñecementos de francés

O nivel de coñecemento global de francés é baixo. Posúen algún coñecemento de francés o 48,3 % das persoas inquiridas (5,7% excelente, 8,4% bastante e 13,2% medio). A maioría das persoas entrevistadas (51,7%) non ten ningún coñecemento e un 21,0% referiu ter algún coñecemento.

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo maior a porcentaxe de mulleres con algún coñecemento do francés (53,6%) que de homes (40,7%).

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	59,3	19,9	10,8	6,1	4,0
Muller	46,3	21,8	15,1	10,2	6,5

O seguinte cadro presenta o nivel de coñecemento de francés por ámbitos:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	25,3	19,3	16,9	14,5	24,1
Científico	53,8	26,4	14,3	3,3	2,2
Ciencias da saúde	46,9	22,4	16,3	14,3	0,0
Tecnolóxico	56,6	19,2	10,6	8,6	5,1
Xurídico-social	52,3	22,4	14,3	7,9	3,2

Neste caso tamén se encontraron relacións de significancia estatística. As persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades (74,7%) teñen un nivel de coñecementos de francés superior aos do ámbito das ciencias da saúde (53,1%), xurídico-social (47,7%), científico (46,8%) e tecnolóxico (43,4%).

No tocante á contribución da formación universitaria á melloría dos coñecementos de francés, o 87,7% respondeu que foi nula. Un 5,7% recoñeceu que foi pouca, un 2,6% que contribuíu en algo, un 2,3% bastante e un 1,7% moito.

Distribución das respostas por ámbitos académicos:

10) Suma de bastante e moito.

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	56,6	8,4	9,6	8,4	16,9
Científico	94,6	4,3	1,1	0,0	0,0
Ciencias da Saúde	93,9	4,1	0,0	2,0	0,0
Tecnolóxico	95,0	3,2	1,0	0,5	0,2
Xurídico-social	84,2	8,4	3,6	3,1	0,7

Por ámbitos, existen diferenzas de significancia estatística. Así, case a metade dos titulados/as da rama de arte e humanidades recoñeceu que o seu paso pola Universidade de Vigo contribuíu nalgún grao na melloría dos seus coñecementos de francés. No resto de ámbitos, predomina a contribución nula en porcentaxes que van do 84,2% no ámbito xurídico-social ao 95,0% no tecnolóxico.

4.3.3 Coñecementos de alemán

A última lingua estranxeira analizada de maneira separada foi o alemán. O nivel de coñecemento desta lingua é moi baixo (16,7%). O 7,0% manifestou posuír algún coñecemento, o 4,3% un coñecemento medio, o 3,5% bo e o 1,9% cualificouno de excelente. Até o 69,6% das persoas inquiridas referiu non ter ningún coñecemento desta lingua.

Grao de coñecemento de alemán por xénero:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	77,9	9,0	6,7	4,0	2,4
Muller	82,3	7,5	3,8	4,2	2,2

A seguir, móstrase o nivel de coñecemento de alemán en función dos ámbitos:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	74,7	3,8	6,3	8,9	6,3
Científico	78,9	10,0	4,4	4,4	2,2
Ciencias da saúde	85,7	2,0	4,1	8,2	0,0
Tecnolóxico	77,9	9,6	6,3	3,9	2,3
Xurídico-social	85,0	8,2	3,2	2,5	1,0

Neste caso encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$). O nivel de coñecemento das persoas tituladas de arte e humanidades (25,3%), tecnolóxico (22,1%) e científico (21,1%) é superior ao resto de agrupacións de titulacións (15,0% do xurídico-social e o 14,3% no de ciencias da saúde).

No tocante á contribución da formación universitaria na mellora dos coñecementos de alemán, esta afectou ao 8,8% das persoas inquiridas (4,3% un pouco, 3,0% algo, 0,9% bastante e 0,6% moito) contra o 91,2%.

Distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	79,0	7,4	8,6	1,2	3,7
Científico	94,6	3,2	2,2	0,0	0,0
Ciencias da saúde	95,8	2,1	0,0	2,1	0,0
Tecnolóxico	94,5	3,5	1,5	0,3	0,3
Xurídico-social	88,6	5,3	4,1	1,4	0,5

A contribución das titulacións á melloría dos coñecementos de alemán por ámbitos académicos tamén presenta diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior, igualmente, entre os titulados/as da rama de arte e humanidades (21,0%) e xurídico-social (11,4%) contra os das ciencias da saúde (4,2%), científico (5,4%) e tecnolóxico (5,5%).

4.3.4 Coñecementos doutras linguas

Até un 15,0% das persoas inquiridas referiron ter coñecemento doutra/s lingua/s. O seguinte cadro mostra as diferentes linguas citadas así como a súa distribución porcentual:

LINGUA	%
Portugués	43,6
Italiano	28,2
Chinés	6,7
Catalán	5,5
Neerlandés	4,3
Xaponés	1,8
Signos	1,8
Sueco	1,2
Ruso	1,2
Polaco	1,2
Rumeno	0,6
Noruegués	0,6
Finlandés	0,6
Basco	0,6
Eslovaco	0,6
Dinamarqués	0,6

O peso específico do portugués e italiano está asociado ao feito de as universidades da Italia e Portugal seren os principais destinos do alumnado da Universidade de Vigo que participou en programas de mobilidade internacional (17,9% e 8,6%, respectivamente), tal como refire o estudo A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional (2010) (cf. Bibliografía).

4.3 ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO

Este apartado está relacionado co grao de seguimento, valoración e implicación das persoas tituladas durante o seu período de estudos universitarios nas diferentes iniciativas de formación e información sobre o mercado de traballo desenvolvidas pola Universidade de Vigo. Estas iniciativas están ligadas á Oficina de Emprego e á participación nos diferentes foros de emprego.

1. Participación nos foros empresariais de procura de emprego

Unha maioría do 58,0% recoñeceu non ter participado neste tipo de iniciativas contra un 36,6% que referiu ter participado como asistente e un 2,8% na súa organización. O 2,7% das persoas inquiridas non respondeu esta pregunta. Este tipo de iniciativas teñen a ver coa participación nos foros de emprego (Foro Tecnolóxico de Emprego, Forum emprego Universitario,...).

Por xéneros, os homes presentan un maior nivel de participación que as mulleres, tanto como asistentes (38,7% contra 36,0%) como en calidade de organizadores (4,2% contra 1,6%).

O seguinte cadro mostra o grao de participación por ámbitos académicos:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico- Social
Si, como asistente	16,3	44,9	11,5	46,0	33,5
Si, como organizador	0,0	0,0	0,0	6,2	0,9
Non	80,4	51,4	86,5	44,9	63,1

Como se pode comprobar, as persoas que realizaron estudos pertencentes á rama tecnolóxica presentan o maior nivel de participación tanto na calidade de asistentes como de organizadores. Por outro lado, a participación como organizador é exclusiva entre o alumnado dos ámbitos tecnolóxico e xurídico-social.

2. Valoración das iniciativas de procura de emprego

Entre as persoas que manifestaron participar nalgún dos foros empresariais de procura de emprego, a valoración predominante é que a experiencia resultou moi útil (49,6%). Un 43,0% valorounas como pouco útiles e un 7,2% como nada útiles. Un 0,2% das persoas que responderan afirmativamente o ítem anterior non respondeu esta pregunta.

Por xéneros, acharon que se trata de iniciativas máis útiles para a inserción laboral o 51,9% de homes e 47,7% de mulleres; son pouco útiles para o 41,3% de homes contra 44,3% de mulleres e, finalmente, nada útiles para o 7,7% de homes contra 6,9% de mulleres.

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por ámbitos académicos:

Grao de utilidade	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Moita	40,0	39,6	66,7	55,8	45,3
Pouca	46,7	50,0	33,3	33,7	45,3
Nada	13,3	8,3	0,0	5,6	8,1

Como se pode comprobar, existen diferenzas significativas entre os ámbitos de coñecemento. A valoración predominante nos ámbitos tecnolóxico e das ciencias da saúde é que se trata de iniciativas moi útiles (55,8% e 66,7%, respectivamente). A predominante nos ámbitos das ciencias, arte e humanidades é que foron de pouca utilidade (50,0% e 46,7%, respectivamente).

3. Participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego

O estudo inquiriu sobre o tipo de participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego da Universidade de Vigo.

Ao abrigo das respostas recollidas, a primeira conclusión que se pode tirar é que a maioría das persoas entrevistadas (55,7%) nunca utilizaron os servizos da Oficina de Emprego durante o seu paso pola Universidade de Vigo (até un 10,2% non respondeu este ítem). En consecuencia, algo máis dun terzo (34,1%) das persoas tituladas usaron os servizos ofrecidos pola Oficina de Emprego durante o período de estudos.

A procura de información sobre ofertas de emprego (37,9%) foi o principal motivo polo que os titulados/as inquiridos participaron nalgunha das actividades organizadas pola Oficina de Emprego, seguido polo asesoramento en materia de prácticas preprofesionais (32,5%) e a participación en talleres, seminarios, charlas-conferencias (28,1%). A solicitude de información para o emprendemento motivou o 1,5% dos casos.

Por xéneros, a participación neste tipo de actividades foi semellante (34,5% no caso das mulleres e 34,3% no dos homes). Ao contrario, manifestaron non ter utilizado nunca os seus servizos o 57,4% de homes e o 54,0% de mulleres.

O seguinte cadro mostra os principais motivos aludidos por homes e mulleres para o uso dos servizos da Oficina de Emprego:

	Homes	Mulleres
Información sobre ofertas de emprego	42,4	34,9
Prácticas preprofesionais	31,5	33,2
Talleres, seminarios, charlas-conferencias	24,8	30,3
Asesoramento para o emprendemento	1,2	1,7

Por ámbitos académicos, a maior participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego produciuse no científico (42,9%) e tecnolóxico (41,5%) contra o rexistrado nas titulacións pertencentes á rama das ciencias da saúde (5,7%), arte e humanidades (22,2%) e xurídico-social (30,7%). Polo contrario, nunca utilizaron estes servizos a maioría dos titulados das ciencias da saúde (82,7%), das artes e humanidades (62,0%) e do xurídico-social (60,1%), ben como o 49,4% do tecnolóxico e 43,0% do científico.

O seguinte cadro mostra, por ámbitos académicos, os principais motivos aludidos para o uso dos servizos da Oficina de Emprego:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Información sobre ofertas de emprego	28,6	28,3	0,0	40,1	41,0
Prácticas preprofesionais	9,5	52,2	33,3	35,2	25,7
Talleres, seminarios, charlas-conferencias	57,1	19,6	33,3	23,1	32,6
Asesoramento para o emprendemento	4,8	0,0	33,3	1,6	0,7

Como se pode comprobar, o servizo de información sobre ofertas de emprego foi o principal motivo de uso da oficina de Emprego por parte dos titulados/as dos ámbitos tecnolóxico (40,1%) e xurídico-social (41,0%). A asistencia a talleres, seminarios, charlas-conferencias foi o máis requirido polos titulados da rama de arte e humanidades (57,1%) e as prácticas preprofesionais no das ciencias (52,2%).

4.4 FORMACIÓN COMPLEMENTAR

Cada vez con maior frecuencia o mercado de traballo exige aos titulados universitarios unha formación posterior que demonstre unha especialización, tanto teórica como práctica, no seu campo profesional. Este apartado analiza os principais resultados no tocante a esta temática.

1. Realización da formación complementar

O 80,9% das persoas inquiridas realizou algún tipo de formación complementar, sendo levemente superior a proporción de mulleres (81,1%) que de homes (80,7%).

Por ámbitos académicos, a formación complementar foi superior entre os titulados da rama científica (94,4%) e de arte e humanidades (84,8%) que no das ciencias da saúde (76,9%), xurídico-social (78,0%) e tecnolóxico (80,0%).

Por titulacións (cf. anexo A8) realizaron algún tipo de formación complementar a totalidade dos titulados/as inquiridos de Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Física, Fisioterapia e Historia. A seguir sitúanse os titulados/as de Bioloxía (96,7%), Ciencias do Mar (92,0%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Química (88,9% ambas), Enxeñaría de Telecomunicacións (86,3%), Educación Social (85,7%) e Relacións Laborais (85,0%). As porcentaxes máis baixas rexistráronse entre os titulados/as de Xestión e Administración Pública (37,5%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (66,7%) e Economía (68,8%).

2. Tipo de formación complementar

Neste apartado interesa coñecermos que modalidades de formación foron as máis usadas polos titulados/as que realizaron algún tipo de formación complementar. Esta pregunta era de resposta múltipla (sen límite de opcións de resposta), polo que as porcentaxes non necesariamente suman o 100.

Como se pode ver no seguinte cadro, o tipo de formación máis realizado foron os mestrados (50,8%). A seguir, co 21,4%, áchanse os cursos de especialización. En terceiro lugar, un 14,4% dos titulados/as realizaron cursos de formación continuada dirixidos a traballadores/as.

Tipo de formación	Total	Homes	Mulleres
Mestrado universitario	50,8	53,4	49,7
Cursos de especialización	21,4	22,5	20,9
Cursos de formación continuada	14,4	12,9	15,8
Outra titulación universitaria	11,1	11,0	11,3
Estudos de doutoramento	8,2	9,6	7,4
Cursos de formación profesional ocupacional	5,1	4,6	5,6
Cursos de formación profesional	3,6	1,2	5,2
Cursos de formación superior	2,9	2,7	3,2

Por xéneros, destaca a maior proporción de mulleres que realizaron cursos de formación profesional, así como, sen ser estatisticamente significativa, a maior proporción de homes que seguiron cursos de doutoramento e de especialización.

Distribución de respostas por ámbitos académicos (%):

Tipo de formación	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Mestrado universitario	67,4	77,6	19,2	53,3	40,3
Cursos de especialización	22,8	29,3	15,4	23,0	19,6
Cursos de formación continuada	8,7	11,2	51,9	13,0	13,6
Outra titulación universitaria	3,3	4,7	13,5	9,8	15,4
Estudos de doutoramento	10,9	31,8	3,8	7,5	3,4
Cursos de formación profesional ocupacional	5,4	7,5	1,9	5,0	5,1
Cursos de formación profesional	6,5	3,7	3,8	1,1	5,0
Cursos de formación superior	0,0	2,8	5,8	2,3	3,8

Como se pode comprobar, a realización de mestrados universitarios é a tipoloxía de formación de posgrao máis elegida polas persoas dos ámbitos científico (77,6%), de arte e humanidades (67,4%) e tecnolóxico (53,3%). Os cursos de formación continuada foi a opción máis escollida polos titulados/as de ciencias da saúde (51,9%). É significativa a maior proporción de titulados/as dos ámbitos xurídico-social e das ciencias da saúde que realizaron outra titulación universitaria (15,4% e 13,5%, respectivamente), así como a maior proporción de titulados/as do ámbito científico que realizaron estudos de doutoramento (31,8%).

Pola súa importancia cualitativa, o anexo A9 expón, por titulacións, a proporción de persoas inquiridas que realizaron outra titulación. O anexo A10 mostra as titulacións cursadas. Igualmente, polo seu interese, o anexo A11 presenta tamén por titulacións a proporción de titulados/as que realizaron cursos de doutoramento.

3. Contidos da formación complementar

Sen aprofundar en exceso no tipo de contidos, o cuestionario incluíu unha pregunta (de resposta múltipla) cunhas opcións xenéricas sobre o contido da formación complementar realizada.

O 60,0% dos contidos da formación complementar realizada polas persoas tituladas após a

carreira é referida a contidos específicos da titulación. Os idiomas supoñen o 48,6% da formación e a informática o 26,8%. Un 31,5% da formación é doutros contidos.

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por xéneros (resultados expresados en %):

	Homes	Mulleres
Contidos de informática	33,5	22,6
Contidos de idiomas	44,3	51,7
Contidos específicos da titulación	59,5	60,3
Outros contidos	30,7	31,8

Como se pode ver, mentres que os homes mostran un maior interese polos contidos informáticos, as mulleres móstrano polos contidos de idiomas. No resto de itens non existen diferenzas significativas.

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por ámbitos académicos (resultados en %):

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Contidos de informática	19,4	25,7	7,5	33,3	25,1
Contidos de idiomas	43,6	49,5	32,5	51,9	47,0
Contidos específicos da titulación	57,7	71,3	75,0	55,0	61,5
Outros contidos	33,3	23,8	15,0	38,9	31,1

Por ámbitos académicos cabe destacar, en primeiro lugar, a maior proporción de persoas cunha titulación da rama tecnolóxica que escolleu unha formación complementar relacionada con idiomas (51,9%), con outros contidos (38,9%) e con contidos informáticos (33,3%). En relación aos contidos específicos da titulación, as porcentaxes máis altas prodúcense nos titulados/as de ciencias da saúde (75,0%) e ciencias (71,3%).

4. Motivación da formación complementar

Coñecermos a motivación que levou ás persoas tituladas a complementar os estudos con máis formación despois da titulación cursada tamén é un dato interesante incluído neste estudo.

A resposta maioritaria foi “prepararse para outros traballos, mellorando a empregabilidade”, cun 48,4% das respostas. Moi semellantes foron os niveis de identificación con “ampliar coñecementos, sen considerar aspectos laborais”, co 19,7% e “impulsar a miña profesión, unha

forma de promover”, co 18,4%. Finalmente, cun 5,8% e 5,7% de respostas, áchanse para “pórse ao día” e “encontrar un primeiro emprego”, respectivamente. A opción “outras” obtivo o 1,9% de respostas.

Entre as outras motivacións sinaladas polos titulados/as para realizar este tipo de formación cabe destacar a preparación de concursos/oposicións pola puntuación de determinados cursos, ser un requisito indispensable para cursar estudos de doutoramento ou para acceder a convocatorias de bolsas.

O seguinte cadro presenta os resultados agrupados por xénero. Non se encontraron diferenzas estatisticamente significativas.

	Homes	Mulleres
Prepararse para outros traballos, mellora a empregabilidade	49,1	45,6
Ampliar coñecementos sen considerar aspectos laborais	21,6	17,4
Impulsar a profesión, unha forma de promover	17,9	18,1
Pórse ao día	4,5	6,2
Encontrar un primeiro emprego	5,5	5,9
Outros	1,6	2,1

A seguinte tabela mostra a motivación da formación complementar agrupadas por ámbitos académicos (resultados en %).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Prepararse para outros traballos, mellora a empregabilidade	53,2	43,9	34,1	49,4	48,1
Ampliar coñecementos sen considerar aspectos laborais	20,8	21,4	34,1	19,1	19,2
Impulsar a profesión, unha forma de promover	15,6	22,4	17,1	20,0	15,9
Pórse ao día	2,6	1,0	14,6	5,3	7,6
Encontrar un primeiro emprego	3,9	7,1	0,0	5,3	6,8
Outros	3,9	4,1	0,0	0,9	2,4

Como se pode observar a mellora da empregabilidade é a motivación que suscita máis apoio entre os titulados/as entrevistados. Cabe destacar a maior proporción que no ámbito das

ciencias da saúde presenta tanto a ampliación de coñecementos sen levar en conta aspectos laborais como a de pórse ao día.

4.5 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS

Nesta epígrafe móstranse datos sobre a situación laboral das persoas tituladas da Universidade de Vigo en aspectos relacionados coa situación de actividade, de desemprego ou as técnicas de procura de emprego implementadas.

1. Situación laboral

No momento da realización da enquisa (ano 2013), o 66,8% das persoas tituladas traballaban por conta allea. A segunda situación máis frecuente era a de desempregado na procura de traballo (22,6%). Un 6,8% das persoas inquiridas tiñan a situación laboral de autoemprego ou autónomo.

Situación	%
Traballa por conta allea	66,8
Desempregado/a na procura de emprego	22,6
Traballa como empresario/a ou autónomo/a	6,8
Continúa a estudar sen procurar emprego	1,6
Prepara oposicións sen procurar emprego	0,9
Ao coidado familiar	0,2
Outro: desempregado/a e non procura traballo	1,1

2. Situación de emprego

Segundo a situación laboral descrita no apartado anterior, a porcentaxe total dos titulados/as que traballaban no momento de realizar a enquisa é do 73,6%. Dentro deste colectivo predominan os que traballan por conta allea (90,8%) contra os que o fan por conta propia (9,2%). Esta taxa de actividade alcanza un valor máximo entre as persoas tituladas que residen fora de Galicia (87,9%), manténdose no 70,3% entre os que non emigraron.

Por xéneros, a taxa de actividade dos homes (79,6%) é superior á das mulleres (68,6%). Por ámbitos de coñecemento, as titulacións que presentan unha maior taxa de actividade son as tecnolóxicas (82,7%) e as das ciencias da saúde (78,8%), seguidas polas xurídico-sociais (67,4%), científico (66,4%) e de arte e humanidades (66,3%).

Por titulacións (ver anexo A12), traballan a totalidade das persoas tituladas en Enxeñaría en Informática e Fisioterapia (con mostra non representativa). Cunha taxa de ocupación superior ao 85% encóntranse os licenciados/as en Enxeñaría de Telecomunicacións (94,1%), Enxeñaría

Técnica en Informática de Xestión (91,7%), Psicopedagogía (90,0%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (88,9%), Publicidade e Relacións Públicas (86,2%), Enxeñaría Industrial (85,8%), Educación Social e Traballo Social (85,7%). Ao contrario, as taxas de ocupación máis baixas rexístranse entre os licenciados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%), Enxeñaría Técnica Forestal (46,2%), Ciencias do Mar (48,0%) e Economía (50,0%). Este anexo A12 mostra a taxa de actividade global así como a súa desagregación nas taxas de actividade dos titulados/as que na actualidade residen tanto dentro como fora de Galicia.

Entre as persoas tituladas en situación de emprego foron identificados os seguintes grupos:

- Traballan e procuran emprego: 13,1%
- Traballan e continúan a estudar: 10,9%
- Traballan e preparan oposicións: 3,1%
- Traballan, procuran emprego e continúan a estudar: 2,5%
- Traballan, procuran emprego e preparan oposicións: 1,0%

Persoas tituladas que traballan e procuran emprego

Este colectivo está integrado maioritariamente por mulleres (60,2%) contra un 39,8% de homes. Por ámbitos académicos, neste grupo predominan os titulados/as do ámbito xurídico-social (47,7%), tecnolóxico (33,0%) e de arte e humanidades (13,8%) contra o das ciencias e ciencias da saúde (2,8% ambos).

Por ámbitos académicos, nesta situación encóntrase o 24,6% dos titulados/as que traballan pertencentes ao ámbito de arte e humanidades, o 16,5% do xurídico-social, 9,9% do tecnolóxico, 7,3% das ciencias da saúde e 4,2% do científico.

O anexo A13 mostra distribución de persoas tituladas que traballan e procuran emprego por titulacións.

Persoas tituladas que traballan e continúan a estudar

As mulleres representan o 63,8% deste colectivo contra o 26,8% de homes. Por ámbitos académicos, predominan os do xurídico-social (36,8%), tecnolóxico (33,7%) contra o científico (8,4%), de arte e humanidades (9,5%) e das ciencias da saúde (11,6%).

Por ramas de coñecemento, nesta situación áchanse os 26,8% das persoas tituladas que traballan no ámbito das ciencias da saúde, o 14,8% do humanístico, 11,3% do científico, 11,1% do xurídico-social e 8,8% do tecnolóxico.

No anexo A14 preséntase a distribución de persoas tituladas que traballan e continúan a estudar por titulacións.

Entre os principais estudos que realizan os titulados/as ocupados que continúan a estudar

destacan: outra titulación (25,6%), mestrado (25,6%), doutoramento (22,2%), idiomas (17,8%), cursos de especialización (6,7%) e outros (2,2%).

Persoas tituladas que traballan e preparan oposicións

Este grupo está conformado maioritariamente por mulleres (81,5%) e, na súa maioría, por persoas tituladas do ámbito xurídico-social (58,3%) e das ciencias da saúde (16,7%) contra as do humanístico e tecnolóxico (12,5% ambos).

Por ramas de coñecemento, áchanse nesta situación o 9,8% dos titulados/as do ámbito das ciencias da saúde, 4,9% de arte e humanidades, 4,4% do xurídico social e 0,8% do tecnolóxico.

O anexo A15 presenta a distribución de persoas tituladas que traballan e preparan oposicións por titulacións.

3. Situación de desemprego

A situación de desemprego, isto é, as persoas que non traballan e que están a procurar emprego no momento da realización da enquisa, afecta ao 22,6% das persoas inquiridas (26,8% no caso das mulleres contra 17,0% dos homes).

Por ámbitos académicos, as porcentaxes de persoas tituladas desempregadas varían entre o 30,4% nas titulacións do ámbito de arte e humanidades, 28,0% do científico, 27,3% do xurídico-social, 21,2% das ciencias da saúde e 14,6% do tecnolóxico. Por tanto, a proporción dos titulados/as que non traballan e que procuran emprego do ámbito das humanidades duplica á do tecnolóxico.

O anexo A16 mostra a distribución por titulacións das persoas tituladas que se achan nunha situación de desemprego.

Entre o colectivo de persoas desempregadas as mulleres constitúen a maioría (69,5%) contra o 30,5% de homes. Por ámbitos, case a metade pertencen ao xurídico-social (49,0%), seguido do tecnolóxico (24,5%), científico (11,5%), arte e humanidades (10,7%) e das ciencias da saúde (6,8%).

Independentemente de procuraren emprego ou non, a porcentaxe de titulados/as que non traballaban no momento de realizar o estudo é de 26,7%. Entre estas persoas foron detectados os seguintes grupos:

- En situación de desemprego e estudando: 24,1%
- En situación de desemprego e preparando oposicións: 11,3%
- En situación de desemprego e ao coidado familiar: 7,5%
- En situación de desemprego e beneficiario/a dunha bolsa/axuda: 2,5%.

Entre outras situacións, cabe referir a dos que realizan traballos esporádicos, as persoas pendentes de emprender un negocio ou de se incorporar a un traballo.

Persoas tituladas desempregadas que continúan a estudar

Este colectivo está conformado maioritariamente por mulleres (73,3%), así como por titulados pertencentes á rama xurídico-social (49,3%), tecnolóxica (25,4%), científica (12,7%), humanística (9,9%) e das ciencias da saúde (2,8%).

Por ámbitos académicos, áchanse nesta situación o 25,0% dos titulados/as da rama das ciencias, 23,7% da tecnolóxica, 22,9% da xurídico-social, 22,6% da humanística e 18,2% das ciencias da saúde.

As persoas tituladas que se encontran nesta situación están a cursar un mestrado ou outra titulación (22,4% ambas), idiomas (21,1%), cursos de especialización (14,5%) ou doutoramento (13,2%).

Persoas tituladas desempregadas que preparan oposicións

Este colectivo está formado no 80,0% por mulleres. Na súa maioría está constituído por persoas tituladas do ámbito xurídico-social (75,0%), científico (11,2%), tecnolóxico (8,3%) e das ciencias da saúde (5,6%).

Por ámbitos académicos, áchanse nesta situación o 18,2% dos titulados/as desempregados do ámbito das ciencias da saúde, o 17,6% do xurídico-social, 11,1% do científico e 3,9% do tecnolóxico.

4. Persoas tituladas que procuran emprego

Unha análise máis pormenorizada dos datos obtidos permite determinar que, ao existir unha proporción de persoas que traballan e procuran emprego, a porcentaxe total de persoas entrevistadas que estaban a procurar emprego no momento da realización da enquisa ascende a 32,2% (36,5% de mulleres contra 26,4% de homes).

Por ramas de coñecemento, esta porcentaxe alcanza o 22,8% de titulados/as do ámbito tecnolóxico, 26,9% das ciencias da saúde, 30,8% do científico, 38,4% do xurídico-social e 46,7% do humanístico. Consúltese unha análise mais pormenorizada deste grupo na epígrafe “Persoas tituladas que traballan e procuran emprego” (páx. 64).

5. Persoas desempregadas que non procuran emprego

A partir dunha análise pormenorizada da mostra obtida foi identificado un colectivo (0,8%) integrado por persoas que se encontran nunha situación, por elas definida, como de “non traballo” e de “non procura de traballo” no momento da realización da enquisa. A totalidade das persoas que se achán nesta situación están a preparar oposicións.

6. Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego das persoas tituladas inquiridas é de 12,92 meses.

O seguinte cadro mostra a distribución do tempo de procura de emprego:

	%
0 – 3 meses	29,8
3 – 6 meses	17,8
6 – 12 meses	20,0
1 – 2 anos	20,4
Máis de 2 anos	12,0

Como se pode comprobar, o 20,4% das persoas inquiridas áchase en situación de desemprego de longa duración ao levar polo menos doce meses na procura de emprego. A proporción dos desempregados/as de moi longa duración (que levan polo menos 24 meses en situación de desemprego) é do 12,0%. Estes dous grupos representan case un terzo (32,4%) dos titulados/as inquiridos en situación de desemprego.

Por xéneros, o tempo medio de procura de emprego das mulleres (13,63 meses) é superior ao dos homes (11,71 meses).

Por ámbitos de coñecemento existen diferenzas estatisticamente significativas. Así sendo, as persoas tituladas da rama xurídico-social e das ciencias da saúde son as que levan máis tempo á procura de emprego (14,94 meses e 14,29 meses, respectivamente). Nunha situación intermedia situaríanse as da rama das ciencias (12,94 meses) e arte e humanidades (11,03 meses). Os titulados/as que menos tempo levan procurando emprego son os do ámbito tecnolóxico (10,44 meses).

O anexo A17 mostra a distribución do tempo de procura de emprego por titulacións.

7. Factores condicionantes de desemprego

Esta epígrafe analiza as características a destacar dos titulados/as que se achan desempregados no momento de realizar a enquisa. A tal efecto, solicitouse ás persoas entrevistadas que indicasen, nunha escala de valoración do 1 (ningunha dificultade) ao 5 (moita dificultade), os motivos polos que están desempregadas.

O ciclo da economía (4,35) e a falta de contactos persoais (3,79) destacan como os principais atrancos que os titulados/as identifican como causantes do feito de non encontrar emprego. Logo a seguir aparecen a pouca experiencia laboral ou profesional previa (3,72) e as poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira (3,43). Destácanse tamén factores como a falta de coñecemento de idiomas (2,84) ou un factor que podería ser cualificado “externo”, sen capacidade de control sobre el por parte dos titulados/as, como é a “mala sorte” (2,67).

	Total	Homes	Mulleres
Ter unha titulación universitaria	2,09	2,19	2,06
Ter unha titulación específica	2,22	2,25	2,21
Ter estudado na Universidade de Vigo	1,51	1,67	1,44
O mal expediente académico	1,55	1,64	1,49
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	2,10	2,02	2,14
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	3,72	3,89	3,65
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	3,43	3,56	3,37
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	2,78	2,80	2,79
A falta de coñecemento de idiomas	2,84	2,74	2,89
A falta de coñecementos de informática	2,02	1,91	2,05
Carecer de contactos persoais	3,79	3,81	3,77
O ciclo da economía	4,35	3,98	4,52
Non ter iniciativa nin asumir riscos	2,04	2,01	2,05
A falta persoal de esforzo	1,50	1,56	1,46
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	1,97	2,00	1,95
A mala sorte	2,67	2,50	2,76
Non participar en organizacións estudantís ou de voluntariado	1,85	1,82	1,86

Tamén se pode expresar esta variábel através de frecuencias (onde 1 = Nada; 2 = pouco; 3 = algo; 4 = bastante e 5 = moito), tal como se mostra no seguinte cadro:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ter unha titulación universitaria	49,1	13,1	21,6	12,0	4,1
Ter unha titulación específica	43,1	17,0	22,2	10,1	7,6
Ter estudado na Universidade de Vigo	70,5	14,2	10,8	3,1	1,4
O mal expediente académico	67,5	16,8	10,1	4,2	1,4
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	47,2	15,2	23,1	9,3	5,2
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	12,8	10,7	14,9	14,5	47,1
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	16,2	10,7	20,3	19,6	33,3
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	28,4	15,9	21,8	17,3	16,6
A falta de coñecemento de idiomas	23,5	20,8	19,7	20,1	15,9
A falta de coñecementos de informática	45,5	22,1	21,0	7,6	3,8
Carecer de contactos persoais	9,6	7,9	17,5	23,4	41,6
O ciclo da economía	3,1	4,2	10,0	20,1	62,6
Non ter iniciativa nin asumir riscos	43,3	24,2	21,1	7,6	3,8
A falta persoal de esforzo	68,6	18,8	9,1	1,0	2,4
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	41,7	29,2	21,9	4,9	2,4
A mala sorte	29,7	15,4	26,6	14,7	13,6
Non participar en organizacións estudantís ou de voluntariado	50,3	23,4	19,9	3,5	2,8

No tocante ás diferenzas por ámbitos académicos, tal como se mostra no seguinte cadro, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$) nas seguintes causas: ter unha titulación específica, o mal expediente académico e a falta persoal de esforzo.

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Ter unha titulación universitaria	2,00	2,04	2,13	1,96	2,19
Ter unha titulación específica	2,64	2,96	2,47	2,03	2,01
Ter estudado na Universidade de Vigo	1,36	1,59	1,67	1,61	1,48
O mal expediente académico	1,21	2,19	1,93	1,70	1,42

Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	2,06	2,04	2,13	2,09	2,18
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	3,88	3,88	3,53	3,70	3,76
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	3,88	3,67	2,93	3,39	3,38
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	2,45	3,07	2,53	2,63	2,91
A falta de coñecemento de idiomas	2,15	2,63	2,47	2,94	3,07
A falta de coñecementos de informática	2,30	1,78	2,47	2,03	1,96
Carecer de contactos persoais	3,79	3,89	3,80	3,70	3,83
O ciclo da economía	4,28	4,48	4,40	4,01	4,50
Non ter iniciativa nin asumir riscos	2,03	1,93	2,27	1,91	2,14
A falta persoal de esforzo	1,70	1,58	2,07	1,43	1,44
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	2,24	2,04	2,13	2,03	1,88
A mala sorte	2,45	3,26	3,13	2,26	2,78
Non participar en organizacións estudantis ou de voluntariado	1,88	2,11	2,13	1,64	1,90

Relativamente a ter unha titulación específica, as titulacións do ámbito científico e de arte e humanidades outórganlle máis importancia que o resto. No tocante ao mal expediente académico

son os titulados/as do ámbito científico que lle confiren maior importancia. Finalmente, con respecto á falta persoal de esforzo son as persoas tituladas do ámbito das ciencias da saúde que consideran este parámetro en maior grao.

8. Técnicas de procura do primeiro emprego

Un aspecto relevante nos estudos sobre as experiencias profesionais é coñecer as técnicas de procura de emprego utilizadas polos participantes no estudo. Os seguintes cadros mostran as técnicas de procura de emprego máis utilizadas polos titulados/as universitarios na hora de encontrar o seu primeiro emprego despois de completaren os estudos.

As técnicas de procura de emprego máis usadas son responder a anuncios de traballo (22,2%) e mediante contactos persoais (19,7%). Con porcentaxes tamén notábeis áchanse contactar cun empresario/empregador por conta propia (15,4%) ou anotándose en bolsas de traballo (8,8%). O seguinte cadro recolle a distribución de respostas a nivel global e por xéneros.

	Total	Homes	Mulleres
Responder a anuncios de traballo	22,2	23,8	21,2
Contactar cun empresario/empregador pola miña conta	15,4	14,8	15,7
Colocar anuncios	0,3	0,2	0,3
Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)	2,5	1,3	3,4
Mediante unha ETT	2,7	2,2	3,1
Mediante unha empresa de selección de persoal	1,4	1,8	1,2
Mediante unha empresa de emprego privada	1,5	1,5	1,4
Preparando oposicións/concursos	4,8	4,9	4,7
Anotándose en bolsas de traballo	8,8	7,1	9,3
Pola empresa/institución onde traballou cando estudaba	4,7	4,9	4,7
Mediante contactos persoais	19,7	23,6	17,3
Contactou coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos	5,9	5,1	6,4
Autoemprego/autónomo	2,8	2,4	3,3
Outras	7,3	6,4	8,0
Non responderon	7,2	5,8	8,0

Entre as outras maneiras de encontrar o primeiro emprego referidas polos titulados/as entrevistados destacan: através dunha bolsa, a partir das prácticas ofrecidas por un Mestrado ou curso superior, resposta a ofertas de emprego pola Internet, diferentes formas de autocandidatura (entrega de CV,...), a partir do Erasmus,...

A distribución das respostas por ámbitos académicos mostra as seguintes porcentaxes:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico- Social
Responder a anuncios de traballo	25,0	15,5	4,0	29,0	18,2
Contactar cun empresario/ empregador pola miña conta	17,9	18,6	20,0	13,2	15,6
Colocar anuncios	1,2	1,0	0,0	0,0	0,2
Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)	3,6	2,1	2,0	0,7	4,5
Mediante unha ETT	2,4	3,1	0,0	0,7	5,2
Mediante unha empresa de selección de persoal	0,0	1,0	2,0	1,9	0,9
Mediante unha empresa de emprego privada	1,2	0,0	4,0	1,4	1,9
Preparando oposicións/ concursos	2,4	3,1	10,0	2,1	8,0
Anotándose en bolsas de traballo	10,7	8,2	38,0	8,5	5,2
Pola empresa/ institución onde traballou cando estudaba	4,8	9,3	4,0	5,9	2,8
Mediante contactos persoais	15,5	22,7	4,0	20,0	21,3
Contactou coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos	2,4	5,2	6,0	6,6	6,6
Autoemprego/ autónomo	7,1	3,1	2,0	1,7	3,3
Outras	5,8	7,1	4,0	8,3	6,3
Non responderon	8,7	9,3	3,8	3,4	9,8

9. Tempo investido en encontrar o primeiro emprego despois dos estudos

O tempo transcorrido desde a finalización dos estudos universitarios até encontrar un primeiro emprego é un parámetro amplamente utilizado como un indicador da inserción profesional das persoas tituladas universitarias.

A maioría das persoas tituladas (52,4%) encontrou emprego nos primeiros tres meses após acabar os seus estudos. Antes do primeiro ano foi do 81,0%. Un 22,6% demorou máis dun ano e até o 7,3% máis de dous para encontrar o seu primeiro emprego.

	%	
0-3 meses	52,4	81,0%
3-6 meses	15,4	
6-12 meses	13,2	
1-2 anos		11,6
Máis de 2 anos		7,3
Non responderon		9,1

Estes resultados foron comparados por xéneros, tal como mostra o seguinte cadro:

	Homes		Mulleres	
0-3 meses	59,4	85,0	47,5	78,0
3-6 meses	14,7		15,8	
6-12 meses	10,9		14,7	
1-2 anos		10,0		12,8
Máis de 2 anos		5,0		9,2
Non responderon		8,3		9,5

Como se pode comprobar, as mulleres demoran máis tempo en encontrar o primeiro emprego, xa que presentan maiores proporcións que os homes a partir dos seis meses de procura de emprego.

Encontráronse diferenzas significativas entre ámbitos académicos, como se mostra no seguinte cadro:

	Arte e humanidades		Ciencias		Ciencias da saúde		Tecnolóxico		Xurídico-social	
0-3 meses	34,1	69,5	39,8	70,4	75,5	95,9	63,7	87,9	44,9	77,2
3-6 meses	15,9		14,3		14,3		14,5		15,9	
6-12 meses	19,5		16,3		6,1		9,7		16,4	
1-2 anos		18,3		20,4		0,0		7,7		13,8
Máis de 2 anos		12,2		9,2		4,1		4,4		8,9
Non responderon		10,9		8,4		5,8		5,9		11,7

Como se pode comprobar, nunha proporción moi elevada, as persoas tituladas da rama das ciencias da saúde (75,5%) e da tecnolóxica (63,7%) encontraron o seu primeiro emprego nos primeiros tres meses desde a súa saída da Universidade de Vigo. Ao contrario, estar nunha situación de desemprego de longa duración antes de arranxar o primeiro emprego (durante un ano ou máis) dáse con maior frecuencia entre os titulados/as da rama de arte e humanidades (30,5%), científico (29,6%) e xurídico social (22,7%) contra o 4,1% dos titulados/as das ciencias da saúde e 12,1% do tecnolóxico.

O anexo A18 mostra a distribución de resultados por titulacións.

4.6 CARACTERÍSTICAS DO PRIMEIRO EMPREGO

Neste apartado son consideradas as características definitorias do primeiro emprego obtido polas persoas tituladas da Universidade de Vigo.

1. Relación do primeiro traballo cos estudos

A seguir analízase a avaliación que os titulados realizan da relación entre os estudos e o primeiro traballo desenvolvido ao finalizar a súa formación superior. No 70,4% dos casos, os inquiridos traballaron no seu primeiro emprego nun traballo relacionado cos seus estudos.

Comparados estes datos por xéneros, no caso dos homes, o primeiro emprego estaba relacionado cos seus estudos nunha proporción (73,6%) superior á das mulleres (68,1%).

Por ámbitos académicos encontráronse diferenzas estatisticamente significativas. Así sendo, os titulados/as dos ámbitos das ciencias da saúde (88,5%) e tecnolóxico (78,6%) presentan maior relación entre os seus estudos e o seu primeiro emprego que os das ramas de arte e humanidades (58,7%), ciencias (67,3%) e xurídico-social (62,9%).

2. Tipo de contrato

Para coñecermos a calidade do traballo desenvolvido polos titulados/as, é interesante analizarmos o tipo de contrato que tiveron no seu primeiro emprego. O seguinte cadro mostra como no primeiro emprego abunda a contratación eventual/temporal (26,0%), mentres que os contratos indefinidos só son o 13,3% do total.

	%
Indefinido	13,3
Contrato eventual/temporal	26,0
Contrato por obra/servizo	24,0

Autoemprego/autónomo	2,7
Contrato en prácticas	13,7
Bolsas ou axudas	17,4
Sen contrato	2,9
Non responderon	5,8

Comparada a contratación por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$). Así sendo, destaca a maior proporción de mulleres con contratos temporais (29,3% contra 20,4%) e a maior proporción entre os homes das bolsas ou axudas (20,2% contra 15,5%).

	Home	Muller
Indefinido	13,7	13,1
Contrato eventual/temporal	20,4	29,3
Contrato por obra/servizo	25,4	23,3
Autoemprego/autónomo	3,3	2,5
Contrato en prácticas	15,8	12,4
Bolsas ou axudas	20,2	15,5
Sen contrato	1,3	3,8
Non responderon	4,2	6,7

O seguinte cadro mostra os tipos de contrato agrupado por ámbitos académicos. Neste caso encontráronse diferenzas estatisticamente significativas.

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Indefinido	8,2	8,1	12,0	13,1	15,7
Contrato eventual/temporal	29,4	26,3	66,0	13,8	33,5
Contrato por obra/servizo	28,2	35,4	8,0	24,4	22,4
Autoemprego/autónomo	5,9	1,1	0,0	1,2	4,4
Contrato en prácticas	8,2	11,1	12,0	18,1	10,6
Bolsas ou axudas	11,6	18,2	0,0	27,7	9,5
Sen contrato	7,1	0,0	2,0	1,6	3,9
Non responderon	7,6	7,5	3,8	3,0	7,7

3. Xornada de traballo

Relativamente á xornada de traballo desenvolvida polos titulados/as da Universidade de Vigo no seu primeiro emprego, o 73,6% traballaban a xornada completa. O 26,4% facían a media xornada. Un 6,7% das persoas inquiridas non respondeu esta pregunta.

Ao compararmos os datos entre homes e mulleres encontráronse diferenzas estatisticamente significativas: os homes presentan unha maior proporción de xornada completa que as mulleres (83,2% contra 67,2%).

Por ámbitos académicos existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior proporción de traballo a xornada completa entre os titulados da rama de ciencias da saúde (88,0%), tecnolóxica (86,1%) e de ciencias (77,6%) que a do humanístico (45,8%) e xurídico-social (63,5%).

4. Categoría profesional

Un outro indicador interesante para coñecer a calidade da inserción profesional dos titulados/as universitarios é sabermos a categoría profesional do emprego que desenvolveron no seu primeiro traballo. Cabería esperar que as persoas tituladas superiores traballen como técnicos (medios ou superiores), mandos intermedios ou directivos.

Neste caso, no seu primeiro traballo, a situación maioritaria é foi a de técnico medio (32,9%), seguida da de técnico superior (26,2%) e en terceiro lugar a de auxiliar (13,9%), tal como mostra o seguinte cadro. As categorías de mando intermedio e directivo representan o 3,1% e 1,4%, respectivamente.

	%
Técnico medio (grupo B)	32,9
Auxiliar (grupo D)	13,9
Administrativo (grupo C)	8,9
Técnico superior (grupo A)	26,2
Mando intermedio	3,1
Directivo	1,4
Operario	12,0
Outro	1,6
Non responderon	7,9

O seguinte cadro mostra a comparación da categorías profesional por xéneros:

	Home	Muller
Técnico medio (grupo B)	37,0	29,5
Auxiliar (grupo D)	7,6	18,5
Administrativo (grupo C)	8,9	8,9
Técnico superior (grupo A)	29,6	24,1
Mando intermedio	3,8	2,5
Directivo	1,3	1,4

Operario	10,9	12,7
Outro	0,9	2,4
Non responderon	6,7	8,6

Como se pode comprobar, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas. A proporción de categorías profesionais propias de graduados universitarios (mandos intermedios, técnicos medios e superiores) é maior nos homes que nas mulleres (70,4% contra 56,1%). As mulleres están representadas en maior medida na categorías de operario (12,7% contra 10,9%) e de auxiliares (18,5% contra 7,6%).

Tamén se encontraron diferenzas estatisticamente significativas entre ámbitos académicos, tal como mostra o seguinte cadro:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Técnico medio (grupo B)	25,6	27,7	63,3	38,2	27,0
Auxiliar (grupo D)	22,0	11,7	2,0	6,7	21,0
Administrativo (grupo C)	2,4	2,1	0,0	5,3	16,3
Técnico superior (grupo A)	20,7	40,4	24,5	36,8	13,1
Mando intermedio	2,4	2,1	2,0	3,1	2,8
Directivo	1,2	2,1	0,0	0,5	2,3
Operario	18,3	11,7	6,1	9,1	15,4
Outro	7,4	2,2	2,1	0,3	2,1
Non responderon	10,9	12,1	5,8	5,2	8,5

4.7 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL

Esta epígrafe abarca a parte máis interesante da análise das traxectorias de inserción profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. As características do emprego actual, que implican ter conseguido un certo nivel de estabilidade no desenvolvemento laboral, supoñen a consecución duns obxectivos profesionais conseguidos a teor da formación e experiencias universitarias previas.

1. Relación do emprego actual cos estudos

O 76,3% dos inquiridos afirman encontrarse nun traballo relacionado cos estudos que realizaron. A porcentaxe de persoas tituladas que desenvolven na actualidade un traballo non relacionado coa titulación cursada é do 12,2%.

	%
Están relacionados	76,3
Están pouco relacionados	11,5
Non teñen ningunha relación	12,2
Non responderon	27,5

Ao comparar por xéneros, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$), tal como se mostra no seguinte cadro (resultados en %):

	Home	Muller
Están relacionados	78,0	75,1
Están pouco relacionados	13,2	10,3
Non teñen ningunha relación	8,7	14,6
Non responderon	21,4	32,1

Aínda que é levemente superior a porcentaxe de homes a desenvolveren traballos relacionados cos seus estudos (78,0% contra 75,1% de mulleres), as mulleres presentan unha maior porcentaxe (14,6% contra 8,7% de homes) de tituladas que nunca traballaron nun emprego relacionado coa súa titulación.

O seguinte cadro presenta a relación do emprego cos estudos por ramas do ensino (%):

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico- Social
Están relacionados	67,2	85,9	100,0	79,7	72,2
Están pouco relacionados	13,1	4,2	0,0	14,9	9,9
Non teñen ningunha relación	19,7	9,9	0,0	7,7	17,9
Non responderon	33,7	33,6	23,1	18,5	33,3

Neste caso encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$).

O anexo A19 mostra a distribución de respostas por titulacións. En liñas xerais, como se pode comprobar, os traballos realizados polos titulados/as teñen relación cos estudos realizados.

2. Sobrecualificación

A sobrecualificación indica a proporción de persoas tituladas que desenvolven un traballo con procuras e exigencias inferiores aos estudos desenvolvidos. O 31,4% dos titulados/as áchanse nesta situación. Ao contrario, o 61,7% mostra un traballo acaído á súa cualificación. Finalmente, un 6,9% consideran que as exigencias do seu traballo actual superan á súa formación. Un 27,5% non respondeu esta pregunta.

Encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ao comparar a sobrecualificación por xéneros, presentando un nivel superior as mulleres (34,2%) que os homes (28,0%), tal como se mostra no seguinte cadro:

	Home	Muller
Inferior ao nivel académico	28,0	34,2
Adecuado ao nivel académico	63,6	60,5
Superior ao nivel académico	8,4	5,3
Non responderon	21,2	32,2

O seguinte cadro mostra a comparativa das porcentaxes de sobrecualificación por ámbitos académicos (%).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Inferior ao nivel académico	42,6	14,1	2,5	27,9	40,1
Adecuado ao nivel académico	52,5	77,5	97,5	63,2	54,2
Superior ao nivel académico	4,9	8,4	0,0	8,9	5,7
Non responderon	33,7	33,6	23,1	18,2	33,5

Os contrastes estatísticos mostran diferenzas significativas ($p < 0,05$). Así, os titulados/as da rama de arte e humanidades (42,6%) e xurídico-social (40,1%) son as que desenvolven en maior porcentaxe traballos cuxas exigencias son inferiores aos estudos desenvolvidos. Ao contrario, os titulados das ramas tecnolóxica e científica presentan a maior infracualificación, isto é, desenvolven traballos con exigencia superiores ao seu nivel académico (8,9% e 8,4%, respectivamente).

3. Tipo de contrato

No tocante ao tipo de contratación que presentaban os titulados/as inquiridos no seu traballo actual, o 43,3% gozaban dun contrato indefinido. Logo a seguir áchanse os contratos por obra ou servizo e temporais (17,1% e 16,1%, respectivamente). O resto de categorías presentan porcentaxes moito menores.

	%
Indefinido	43,3
Contrato eventual/temporal	16,1
Contrato por obra/servizo	17,1
Autoemprego/autónomo	9,3

Contrato en prácticas	4,8
Bolsas ou axudas	8,3
Sen contrato	0,9
Outro	0,2
Non responderon	27,3

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p < 0,05$):

	Home	Muller
Indefinido	48,7	38,4
Contrato eventual/temporal	10,5	20,5
Contrato por obra/servizo	17,6	16,9
Autoemprego/autónomo	10,5	8,4
Contrato en prácticas	4,2	5,5
Bolsas ou axudas	8,2	8,6
Sen contrato	0,0	1,5
Outro	0,2	0,2
Non responderon	21,0	32,1

A porcentaxe de mulleres que están a realizar traballos temporais/eventuais (20,5%) duplica á dos homes (10,5%), presentando, en consecuencia, menor proporción de traballos indefinidos (38,4% contra 48,7% de homes).

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico- Social
Indefinido	21,3	18,2	36,6	55,4	41,9
Contrato eventual/ temporal	16,4	15,5	41,5	9,2	19,8
Contrato por obra/ servizo	31,1	18,3	12,2	17,8	14,4
Autoemprego/ autónomo	13,1	7,0	4,9	6,1	12,5
Contrato en prácticas	8,2	4,2	2,4	4,7	4,5
Bolsas ou axudas	4,9	36,6	2,4	6,7	5,4
Sen contrato	4,9	0,0	0,0	0,0	1,3
Outro	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3
Non responderon	33,7	33,6	21,2	18,2	33,3

Como se pode comprobar, existen diferenzas estatisticamente significativas entre as ramas de ensino. Estas diferenzas son debidas fundamentalmente ás desiguais porcentaxes de incidencia do tipo de traballo indefinido, sendo a opción maioritaria nos titulados/as do ámbito tecnolóxico

(55,4%) e predominante no xurídico-social (41,9%) contra o 18,3% do científico e 21,3% do humanístico. O contrato temporal é o predominante no ámbito das ciencias da saúde (41,5%), as bolsas ou axudas no científico (36,6%) e o contrato por obra ou servizo no humanístico (31,1%).

4. Xornada de traballo

A xornada de traballo maioritaria no emprego actual é a xornada completa (82,2%). Un 17,8% traballa a media xornada. Un 28,3% non respondeu esta pregunta.

No tocante á comparativa da xornada de traballo por xéneros, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas: os homes mostran unha maior proporción de traballo a xornada completa (90,2%) que as mulleres (76,3%).

O seguinte cadro presenta as porcentaxes de titulados/as en cada unha das modalidades de xornada de traballo propostas, en función das ramas de ensino.

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Xornada completa	62,3	85,7	57,1	94,7	72,6
Tempo parcial	27,7	14,3	42,9	5,3	27,4
Non responderon	33,7	34,6	25,0	18,7	34,5

